

sarria

O pleno mostrou a necesidade de apostar por coidar e mellorar as zonas de ocio. **Páx. 5**

o incio

Impulsan aulas de música e baile tradicional, patinaxe, clases de inglés e apoio escolar. **Páx. 15**

samos

A vila samanense estrearse no Rally San Froilán como tramo decisivo para o campionato. **Páx. 17**

láncara

O Concello reclama á Xunta un reforzo da liña de autobús Monforte-Lugo. **Páx. 19**

paradela

A curtametraxe 'Mudanza' de Sonia Arias estrearse o día 25 en Paradela e Sarria. **Páx. 21**

A política local de Sarria, un avespeiro



Avanza o Centro de Innovación Territorial

Goberno e Deputación firmaron o convenio que traerá esta instalación á provincia. **Páx. 29**

Análise do uso do galego nos cemiterios

Os estudos advirten una presenza crecente da lingua nas inscricións funerarias. **Páx. 14**

Huellas Sarria



A asociación de protección animal destaca o seu labor e pide voluntarios. **Páx. 6**

Iria Figueiras



Abre a primeira clínica da provincia de Lugo especializada en ortodoncia. **Páx. 10**

A asociación de Samos



A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos promove a vida na vila. **Páx. 16**

O novo adestrador da SD Oural

Jorge Gonzales Lemos afronta o labor de técnico con ilusión, despois de toda a vida no club. **Páx. 23**



INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO
MODELO VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³




ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS
ARRASTRADOS AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M
DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18
Y DE 3000 KG A 8000 KG.



MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

O PP e Camiña Sarria selan un acordo con propostas para a vila

O escenario político do Concello de Sarria viviu un xiro significativo coa sinatura do Acordo para o Desenvolvemento Estratéxico de Sarria (ADES), rubricado polo equipo de goberno de Camiña Sarria e pola oposición do Partido Popular. A iniciativa, que se prolongará ata maio de 2027, supón un compromiso de diálogo estable entre ambas as formacións co obxectivo de impulsar arredor dunha quincena de investimentos e actuacións estratéxicas destinadas a reforzar o papel de Sarria no contexto provincial e autonómico.

No acto de sinatura participaron o alcalde e presidente de Camiña Sarria, Claudio Garrido, xunto co secretario da formación, José Soto "Kaké". En representación popular interviron a voceira do grupo municipal e presidenta da Xunta Xestora, Carmen José López, e o secretario provincial do PP en Lugo, Javier Nodal. O respaldo institucional ampliouse coa presenza da secretaria xeral do PPdeG, Paula Prado, da presidenta provincial do partido, Elena Candia, e de varios concelleiros de ambas siglas.

O documento, distribuído aos medios, establece catro principios básicos: a busca da estabilidade institucional, a lealdade entre administracións, unha planificación realista e a comunicación transparente. A partir destas premisas, o acordo define como prioridades unha serie de proxectos que contarán co apoio da Xunta de Galicia, nun intento de garantir que as actuacións non dependan só da dinámica municipal,

senón tamén da coordinación cos organismos autonómicos. Este pacto representa un movemento político de calado na corporación sarriana, xa que supón a primeira vez que Camiña Sarria e o PP formalizan unha folia de ruta conxunta de medio prazo. Para o goberno local de Garrido, o ADES ofrece unha marxe de estabilidade que lle permite asegurar investimentos e avanzar en proxectos de longo percorrido. Para o Partido Popular, pola súa banda, o acordo constitúe unha vía para influír directamente na xestión municipal malia situarse na oposición, asumindo un papel de coresponsabilidade política.

CLAUDIO GARRIDO. O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, sostivo que se sente "especialmente orgulloso deste acordo porque estamos a demostrar que a política pode ser algo máis ca polarización e confrontación; tamén pode ser un mecanismo útil e beneficioso para a cidadanía cando se prioriza o diálogo e o entendemento e se procuran solucións aos problemas e ás demandas da xente. Quen me coñecesdes sabedes da miña traxectoria política e tamén da miña ideoloxía. E coñecesdes igualmente aos compañeiros de Camiña Sarria. Desde este punto de partida, ao inicio do mandato todo facía pensar que a fórmula máis acaída para darlle estabilidade ao Concello de Sarria podía chegar a través de acordos co entorno do nacionalismo ou da esquerda; mais, lamentablemente, non foi así. E non

me custa recoñecer que agora foi o Partido Popular quen tomou unha decisión valente e xenerosa, antepoñendo os puntos en común e o interese xeral ás discrepancias ou ás diferenzas ideolóxicas que poidan separarnos".

Tamén explicou que "este acordo é froito de meses de conversas e negociacións nas que a distancia inicial foi evolucionando cara ao diálogo, o entendemento e a confianza, que son boas bases para asentar un horizonte de estabilidade institucional na política municipal. E isto non supón renunciar aos nosos principios nin valores, que cada parte continuará defendendo. Supón antepoñer a chegada de investimentos para Sarria a calquera interese persoal ou partidista". Para o rexidor, "estamos ante un reto ilusionante para esta recta final do mandato e somos conscientes de que queda por diante moito traballo para que estes compromisos vaian callando co apoio da Xunta de Galicia. Algúns proxectos visibilizaranse de forma inmediata e outros a medio e longo prazo. Pero todos son compromisos firmes, igual que firme é o acordo. Non é ningún brindis ao sol, nin un acordo-trampa, nin ten dobres voltas. É un acordo co que quen máis gaña é Sarria". Finalmente, recoñeceu que "en Camiña Sarria temos diante unha oportunidade para dar por acadados os nosos obxectivos fundacionais e pechar o noso ciclo político ao remate deste mandato, despois de ter cumprido o propósito de ser



útiles para Sarria. Quero agradecer publicamente a confianza e a xenerosidade de todos os compañeiros do partido, que amosaron unha extraordinaria madurez en todo este proceso e que souberon valorar que non hai nada máis importante nin prioritario ca contribuír a mellorar o futuro de Sarria. O tempo e as obras serán os mellores xuíces e darán ou quitarán razóns sobre este acordo. Eu estou convencido de que terá valido a pena".

PARTIDO POPULAR. Pola súa parte, Carmen José López indicou que o impulso destas 15 actuacións "é unha gran oportunidade para Sarria que abre un novo horizonte ao Partido Popular". "Neste escenario, no PP de Sarria sentímonos cómodos porque, aínda estando na oposición, contribuímos a desbloquear proxectos pendentes para o noso concello, contribuímos a conseguir investimentos moi importantes da Xunta de Galicia e demostramos que somos unha forza con vontade de goberno e con capacidade para desenvolver unha política útil coa

que quen gaña, por enriba de todo, é a veciñanza de Sarria".

O horizonte ata 2027 queda agora marcado pola capacidade real de ambas forzas para manter o entendemento e trasladar a cooperación da foto da sinatura á práctica diaria do Concello. O tempo dirá se esta alianza estratéxica responde a un cambio de cultura política en Sarria ou se, pola contra, remata condicionada polas tensións propias dun municipio onde a correlación de forzas segue a estar moi repartida. Para a secretaria xeral do PPdeG, Paula Prado, "o obxectivo principal deste acordo é o benestar dos veciños e veciñas de Sarria". Neste senso, e aproveitando a situación do municipio en plena Ruta Xacobeá, desexou que a xornada de hoxe "sexa o comezo dun novo e agradable camiño" e agradeceu a todos os implicados a súa "xenerosidade". "Estou segura de que o futuro será aínda mellor", concluíu, facendo fincapé en que este acordo "non é beneficioso só para os sarriaos, senón para todos os galegos e galegas".

**OSCAR**
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES





Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES

DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS

DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS

DESDE **90€** /DÍA

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD
Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

REACCIÓN DO PSOE. O secretario xeral do PSdeG-PSOE na provincia de Lugo e presidente da Deputación, José Tomé Roca, analizou o acordo alcanzado entre Claudio Garrido e o Partido Popular, que cualificou como “a maior bazofia política da historia de Sarria”. Tomé Roca afirmou que se trata dun pacto “que só busca arranxar os problemas persoais tanto do alcalde como do PP, dándolle as costas aos problemas reais do municipio”. Tomé acusou ao PP e a Claudio Garrido de actuar con engano e desprezo á cidadanía. “Escenificaron unha gran mentira ao pobo de Sarria, unha burla aos votantes. Estes teóricos 15 puntos do acordo agochan a letra pequena: son un canto ao sol, porque non son executables cando queda pouco máis dun ano de mandato”. O líder socialista felicitou aos concelleiros que rexeitaron participar no acordo. “Hai concelleiros que tiveron a dignidade política e máis da metade negouse a participar nesta farsa. Teño que felicitálos por iso”. Tamén destacou que “no propio PP hai moita división interna, porque este pacto só pretende servir ás ambicións da súa Presidenta, que afortunadamente non o vai conseguir”. Ademais, advertiu que varios dos compromisos do pacto “xa foran anunciados e quedaron incumpridos”, e outros “son competencia doutras administracións, polo que non poderán cumprirse sen o seu aval”. No caso das estradas, Tomé alertou de que “se o Concello asume como propias vías que son da Xunta, a conservación e o mantemento pasarán a pagarse con fondos municipais. É un mal negocio para Sarria e unha carga para as arcas locais”. Tamén criticou a ausencia de rigor no documento, explicou que “non figuran prazos nin contías económicas. Saben que non o poden cumprir, por iso non concretan”. Finalmente, acusou a Claudio Garrido de traizoar aos seus votantes. “Se quixeran votar ao PP xa o farían. O pacto de Garrido co PP é unha traizón aos seus



votantes, un acto de transfuguismo, escuro e con letra pequena. Claudio vendeuse politicamente ao PP, vendendo ás veciñas e veciños de Sarria. Demostrou que sempre utiliza a política en beneficio propio”.

POSTURA DO BNG. O BNG de Sarria considera que non vale todo en política. Despois de anos de críticas e de descalificacións cruzadas entre Claudio Garrido e o Partido Popular, ambas partes anuncian agora un acordo que agocha moito máis do que conta. Segundo a formación nacionalista, a utilización que fai o PP das institucións, como é o caso da Xunta de Galicia, para obter prevendas políticas resulta obscena, xa que implicitamente recoñecen que a Xunta non estaba a realizar investimentos en Sarria por intereses partidistas, e que agora, tras pactar o relevo de Garrido, si van investir. O BNG advirte de que se está a tratar de enganar a veciñanza cun acordo vago, no que se inclúen investimentos xa anunciados e outros proxectos sobre os que nin sequera teñen competencias, como o polígono

industrial, que depende do Estado, todo isto sen concretar calendarios para as actuacións.

O portavoz nacionalista en Sarria, Efrén Castro, sinalou que “desde o BNG entendemos a política dunha maneira moi diferente, traballamos desde o noso grupo e desde as administracións nas que gobernamos para construír unha Sarria mellor, e non vinculamos os investimentos no noso concello a cambio de prebendas”. Castro tamén subliñou que “o Partido Popular e Garrido cren que se pode traspasar unha Alcaldía cun simple acordo, pero por sorte serán os veciños e as veciñas de Sarria quen decidan quen estará á fronte do Concello”.

DE CARA ÁS ELECCIÓNS DE 2027. O movemento de Claudio Garrido e parte dos concelleiros de Camiña Sarria marca un novo capítulo na política local. O que fora alcalde polo PSOE en dúas etapas, en 1999 e 2007, e marchara en 2015 para regresar en 2019 cun proxecto propio, Camiña Sarria, decide agora darlle respaldo ao Partido Popular a través dun acordo que propón, pero non

aclara, xa que non hai partidas concretas para cada unha das propostas. O que si debería supoñer é poder ter uns orzamentos consensuados no ano 2026.

Con todo, este xiro non garante automaticamente un traspaso de votos de Camiña Sarria cara ao PP. A socioloxía electoral amosa que unha parte do electorado de Garrido está situado no espazo progresista, polo que a súa marcha cara á colaboración coa dereita podería provocar un retorno de apoios cara ao BNG e, sobre todo, cara ao PSOE. Nese escenario, a operación podería traducirse nunha reconfiguración do mapa político que, lonxe de beneficiar ao PP, acabe debilitándoo, tanto no Concello de Sarria como na súa influencia na Deputación de Lugo. O futuro dependerá en boa medida da capacidade do socialismo local para recompoñerse. Un sector da militancia non comparte a designación de Benjamín Escontrela como candidato ás municipais de 2023. Se o PSOE logra superar esas friccións, podería reconectar cunha parte do electorado que optou por Camiña Sarria.

ACORDO DE ACTUACIÓNS

- Mellora do Estadio Municipal da Ribela.
- Mellora do CEIP Frei Luis de Granada.
- Urbanización e cesión das travesías urbanas da estrada LU-546 (rúas Matías López e Benigno Quiroga).
- Apoio para un modelo sostible de funcionamento da Residencia de Persoas Maiores Nosa Señora do Carme.
- Proxecto integral de sinalización viaria do municipio.
- Reconfiguración e humanización da Praza da Vila.
- Rehabilitación integral e musealización do edificio “Vila Andrea” ou “Casa do Marqués”.
- Investimentos de Augas de Galicia: depósito de auga e nova captación nun manancial.
- Desafectación das vivendas anexas ao CEIP Frei Luis de Granada e creación dun parque ou praza.
- Acondicionamento da Casa da Cultura e da Escola de Música.
- Apoio para o desenvolvemento dun ambicioso proxecto de posta en valor e potenciación do barrio da Estación e da contorna do río Celeiro ao seu paso polo núcleo urbano.
- Revalorización da contorna da Ponte Ribeira e avaliación, a medio e longo prazo, das diferentes alternativas posibles para buscar unha solución ao tráfico rodado.
- Apoio á solicitude de construción a medio prazo dun 2º Xulgado de Primeira Instancia de Sarria.
- Busca conxunta de solucións á situación do antigo centro de saúde e ao muíño do Toleiro.
- Estratexia conxunta de reivindicación e busca de fórmulas coa Entidade Estatal de Solo SEPES para o desenvolvemento de solo industrial na segunda fase do Polígono do Morelle.



EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es
 Rúa Camilo José Cela 13, Local 1, 27002 Lugo
 (Pza. de Augas Ferreiras, esq. Rúa Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
 Lunes, miércoles y jueves:
 12:00 a 20:00 h
 Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

O financiamento das actuacións procede do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, sufragado pola Unión Europea a través dos fondos NextGenerationEU.

**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.:982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

As mocións levadas a pleno por BNG e PP saen adiante

O pleno municipal de Sarria acolleu unha sesión cargada de asuntos de interese local na que se aprobaron as catro mocións presentadas, dúas do Bloque Nacionalista Galego e dúas do Partido Popular, cun amplo respaldo dos diferentes grupos.

O BNG levou a debate unha moción sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galicia no mes de agosto, reclamando unha política de prevención eficaz e unha xestión integral do medio. A iniciativa recibiu o apoio de todos os grupos, agás o PP, que defendeu a actuación da Xunta durante a crise incendiaria e votou en contra. Tamén os nacionalistas presentaron unha proposta para reclamar o arranxo das pistas de tenis e doutros equipamentos deportivos situados no Chanto. A formación nacionalista lembra que xa presentara en varias ocasións rogos e preguntas sobre os desperfectos nas pistas de baloncesto e fútbol sala da mesma área, polo que agora suman tamén a súa preocupación polo estado do pavimento das de tenis. Segundo explicou o concelleiro Efrén Castro, "chegáronnos diferentes queixas sobre o estado das instalacións deportivas de O Chanto e da inacción do goberno local; trátase dun espazo moi importante para fomentar o deporte, e no caso das pistas de tenis a situación é aínda máis grave por ser a única instalación municipal desta modalidade". O texto saíu adiante co apoio unánime da corporación, incluído Camiña Sarria, que recoñeceu a relevancia da zona. O concelleiro de Deportes, Borja García, lembrou que xa se fixeron intervencións neste espazo, pero advertiu de que unha recuperación integral superaría os 300.000 euros, polo que se comprometeu a buscar financiamento da man da Xunta e da Deputación.



MOCIÓN DO PP. Pola súa parte, o PP levou ao pleno unha moción para mellorar as estradas municipais, reclamando a elaboración dunha estratexia de mellora e aglomerado das vías da rede municipal no rural, co obxectivo de garantir a súa conservación e funcionalidade. O BNG subliñou que Sarria é un dos concellos con máis quilómetros de vías da provincia, pero infrafinanciado, o que dificulta o seu mantemento. E o PSOE incidíu na necesidade dun plan progresivo de mellora da seguridade viaria, con seguimento e avaliación, sobre todo nas vías de acceso aos núcleos rurais. O alcalde, Claudio Garrido, mostrouse de acordo coa proposta, pero lembrou os elevados custos, poñendo como exemplo a estrada de Vilamaior a Oural, cun investimento de 370.000 euros. Ademais, puxo en valor o apoio da Deputación de Lugo, xa que o Concello recibe 570.000 euros anuais a través do Plan Único, do que un 60 % debe destinarse a infraestruturas viarias, pero recoñeceu a dificultade de elaborar un plan sen técnicos propios, xa que contratarlos externamente supón un gasto elevado. Finalmente, a moción foi aprobada por unanimidade.

A cuarta moción tratou sobre o parque de Castro Agrasar, máis coñecido como o parque as Ínsuas, o cal destacaron desde o PP que é un punto de encontro da veciñanza, destinado ao paseo, ao descanso e ao xogo, pero "o estado actual do parque non reflicte a súa importancia nin posibilidades", atribuíndo a situación á "falta dun mantemento continuado", un argumento que compartiu o BNG, que votou a favor. Os socialistas engadiron que cómpre mellorar tamén a parte arbórea e intensificar a limpeza. Nacionalistas e socialistas advertiron ademais da necesidade de concienciar a cidadanía contra o vandalismo. O PP fixo fincapé no estado da fonte, que está "abandonada e chea de maleza". Pola súa banda, Camiña Sarria votou a favor, aínda que advertiu de que o custo da reparación da fonte ornamental equivalería ao mantemento de cinco parques. Finalmente, apuntaron tamén a que a senda peonil é utilizada por vehículos malia a prohibición e que os elementos do parque amosan abandono, polo que desde o Goberno local mostraron a súa intención de mellorar o parque.

O matadoiro de Sarria retomou a actividade tras un corte por avaría



O matadoiro municipal de Sarria abriu de novo despois de permanecer pechado por unha avaría nunha das súas válvulas principais, que estaba bloqueada e impedía o fluxo de auga, deixando a caldeira inoperativa. Para permitir o seu funcionamento realizouse un arranxo temporal para permitir a reapertura do servizo. Ademais, o Concello aproveitará a ocasión para substituír outra válvula, xa que ambas son das primeiras instaladas no matadoiro e, pola súa antigüidade, existe risco de que a segunda tamén se avaríe.

Entre as melloras previstas tamén figura a colocación dun vaso de expansión que permitirá liberar presión do termo en caso de exceso, facilitando así o traballo da caldeira e aumentando a seguridade. Tamén se instalará un redutor de presión para optimizar o sistema.

Estes traballos teñen un orzamento superior a 7.000 euros,

aos que se engadirá o custo da reparación definitiva da caldeira. Ademais, realizáronse outros arranxos, como o axuste da potencia eléctrica para cumprir coa normativa vixente.

A concelleira encargada do servizo do matadoiro, Geni Valcárcel, explicou que "estes cambios nas válvulas estanse facendo agora, antes de que comece a tempada alta de matanzas, xa que particulares e profesionais inician en novembro o proceso para deixar a carne na sal antes de preparar cocidos". Valcárcel engadiu que "imos con cautela porque o matadoiro ten moitos anos e as pezas que hai que cambiar son moi velhas. A caldeira foi renovada en 2010, pero as válvulas do tanque de auga son dos inicios, de hai 30 anos, polo que estes fallos son comprensibles. Estase renovando todo o detectado, pero non podemos garantir que non volva haber problemas".



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familias de 2 personas
8€

Servicio a domicilio
Reservas: 982 012 026

Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1er PREMIO
XV CONCURSO DE TAPAS
TAPICHEO'22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

[cafeteriabarcubano](https://www.facebook.com/cafeteriabarcubano)

“Necesitamos voluntarios para mellorar a vida dos animais”

Falamos con Tere Capellá, presidenta de Huellas Sarria desde o ano 2016, cando se unen un grupo de voluntarios para protexer aos animais de Sarria

Jessica Fernández

“Empezamos en 2016 porque o Goberno local daquel entón cancelara o convenio que tiña coa Protectora de Lugo, e unhas cantas persoas de aquí que nos coñeciamos empezamos a axudar ao concello como voluntarios”, lembra Tere Capellá, presidenta de Huellas Sarria. Aquele primeiros pasos marcaron o inicio dun grupo que, tras tres anos de colaboración co Concello, en 2019, e coa chegada dun novo equipo de goberno, a asociación desvinculouse definitivamente da administración local. “Aí foi cando nos fomos para unha finca alugada algo máis lonxe do núcleo urbano. A nosa idea de futuro é poder mercar esta finca, pero por agora pagamos un alugueiro os socios coas nosas cotas, pero tamén das actividades que realizamos”, explica Capellá. Actualmente, Huellas Sarria ocúpase de oito cans, a maioría deles acollidos desde

Rescates Garatuxa, ao estar recoñecido como refuxio pola Xunta de Galicia e cumprir coas condicións necesarias para acoller o volume de animais abandonados no municipio. Segundo datos municipais, o pasado ano recolléronse 57 cans e entre seis e sete gatos, cifras que se están repetindo neste exercicio. O Concello usa as naves do campo da feira nas que permanecen os animais antes de seren trasladados ao refuxio. A pesar de manter camiños distintos, desde o Concello valoran de forma positiva o traballo de Huellas Sarria, especialmente a súa implicación no control de colonias felinas xunto a voluntarios e clínicas veterinarias. Pola súa parte, desde Huellas Sarria non comparten o modelo de xestión de Garatuxa e lembran que é unha empresa privada, mentres que Huellas é unha asociación sen ánimo de lucro.

O refuxio de Huellas Sarria sobre-

contratada resulta clave para o funcionamento do refuxio. “Vén de luns a venres polas mañás e un par de tardes para coidar os cans e darlles de comer, así como os saca, límpaos e lles administra a medicación”, sinala Capellá, que destaca a importancia de contar con esta axuda profesional. Máis alá do coidado dos animais, Huellas Sarria sostense tamén grazas a un mercadillo solidario situado na Rúa Liberdade 136, aberto dúas tardes á semana: os mércores e os venres. “Alí recibimos doazóns que son moi necesarias para poder levar a cabo o noso traballo, porque ademais de coidar dos cans, hai que coidar da finca, pagar o alugueiro, os gastos de alimentación, o veterinario, así como a nómina da persoa contratada”, afirma a presidenta.

A NECESIDADE DE APOIO. A colaboración entre asociacións que protexen os animais converteuse nun pilar fundamental para a labor que desenvolve Huellas Sarria. Así o defende a súa presidenta, que subliña que “é de vital importancia a sinerxía entre protectoras, tanto de cans como de gatos, porque precisamos colaborar, porque se non, sós, non imos a ningures”. O traballo en rede permite compartir recursos e materiais que resultan esenciais en momentos puntuais, ademais de facilitar a procura de familias para os animais que agardan adopción. “O importante é que as asociacións sexan á súa vez como asociadas. Poder axudarnos no que sexa, como en compartir materiais que nos poden facer falta nalgún momento. E, sobre todo, para avisarnos de se hai algún animal perdido ou que precise un fogar”, explica Capellá.

No caso de Sarria, a asociación comezou a implicarse tamén no control de colonias felinas, unha tarefa que consideran prioritaria polo elevado número de gatos rúa que existen na localidade. “Nós agora estamos empezando a controlar as colonias de gatos, xa que hai moitísimos en Sarria, e compartimos en redes os que atopamos pola rúa ou derivámoslos a protectoras como Miau Lemos ou Michos Lugo”, sinala a presidenta. Algo que tamén valoran e agradecen desde o Concello: “A labor que fai Huellas Sarria coas colonias de gatos é honorable”.

O contacto constante con outras entidades tamén facilita a atención e a adopción de cans e gatos.



“Estamos en continuo contacto para atoparlle un fogar aos animais, sexan de onde sexan”, insiste Capellá, convencida de que a unión entre protectoras é a chave para afrontar o reto do abandono animal na comarca.

A pesar do esforzo, Huellas Sarria ten limitacións, xa que, como destaca Capellá, o maior reto é a falta de persoal voluntario que dea continuidade ao proxecto. “Agora mesmo, o máis importante, á parte da adopción, que iso sería o primeiro de todo, serían os voluntarios, porque temos esa persoa que vén pola semana, pero moitas tardes, as fins de semana, os festivos, as vacacións... facémolo entre dúas”, explica.

“A prioridade en Huellas Sarria é coidar dos animais que temos e conseguir que poidan estar nunha casa antes de morrer; que son todos boísimos”

A carga de traballo, asegura, condiciona a súa vida persoal. “Ás veces é complicado porque non tes tempo libre de calidade. Eu creo que o voluntariado sería importante, pero un voluntariado un pouco comprometido, porque durante estes anos houbo moita xente, pero cada quen vai facendo a súa vida, cambiando de prioridades e se vai desvinculando”, lamenta. Ademais, Capellá considera necesario un maior respaldo institucional.

O refuxio conta con instalacións básicas que non cobren todas as necesidades. “Quixeramos chegar a ser un centro de recollida automatizado, pero agora mesmo o que

temos cobre as necesidades para o que somos, un refuxio privado dunha asociación. No seu día, encargamos un proxecto, e coa obra e con todo íasenos a uns 30-40.000 euros. Obviamente, se non nos axudan a financeiro, non o podemos pagar”, apunta Capellá.

Lembra que houbo un intento de crear un refuxio comarcal con apoio da Deputación de Lugo, pero non prosperou debido ao voto en contra da oposición por situarse no Mazadoiro, porque estaba preto da residencia de anciáns, “e esa foi a excusa que puxeron”, afirma. Para Capellá, aquela iniciativa tería sido clave: “Iso tería sido un ben para a comarca, porque ademais a recollida e xestión dos animais abandonados débese facer por lei e moitos concellos de Galicia non o cumpren. É un perigo ter animais abandonados porque é un tema de seguridade cidadá, xa non só polo animal, que tamén, senón porque se cruzan nas estradas e se producen accidentes”.

De cara ao futuro, Huellas Sarria mantén clara a súa prioridade: atopar un fogar para os cans que viven no refuxio. “A prioridade é coidar deles e que poidan estar nunha casa antes de morrer, que son todos boísimos”, asegura. A presidenta admite, porén, que a continuidade do proxecto dependerá de que se sume máis xente ao traballo voluntario. “Se non hai máis voluntarios que poidan cubrírnos, que veñan un pouco a renovar as ganas ou as forzas, non sei no futuro, cando xa non estean estes cansíños, que faremos”, confesa. E engade que espera “cumprir os dez anos o ano que vén e, a partir de aí, a idea sería poder mellorar: facer aquí unha construción boa, mercar a finca e seguir con Huellas Sarria como ata agora, como un refuxio privado. Depender das institucións non sempre facilita, pero estamos abertas a colaboracións e, sobre todo, a voluntarios e voluntarias”.



aquela ruptura co Concello, aínda que tamén atenden outros casos que chegan por cesións de familias que non poden facerse cargo ou doutras protectoras.

A presidenta subliña que o seu papel non pasa por recoller animais na rúa, unha competencia que corresponde ao Concello: “Nós non recollemos na rúa, que é un deber do concello. Nós axudamos a visibilizar estes abandonos e poñémolos en redes, pero só nos facemos cargo daqueles cans que chegan a nós por particulares ou protectoras que nos ceden”.

Pola súa parte, desde o Concello de Sarria defenden o modelo actual baseado no convenio con-

vive grazas ao esforzo das súas socias e á colaboración veciñal. Con apenas seis persoas na asociación, son dúas as que acoden de maneira habitual á finca para coidar dos animais, xunto cunha traballadora contratada que garante a atención diaria. “Facemos o que podemos cos nosos recursos, pero non podemos ter todos os cans que quixeramos nin a infraestrutura que nos gustaría, aínda que temos canís amplos”, explica a presidenta, Tere Capellá. A entidade mantén actualmente a oito cans nas súas instalacións e asume os gastos de alimentación, limpeza, medicación, gastos veterinarios e o mantemento das instalacións. O apoio da persoa




O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA

Instagram: a.reboleira.restaurante
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Aira Padron





982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA (Lugo)

A Pulperia de Luis




RIO LOYO
Restaurante

Mesón Castro



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: Catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@afervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



A Asociación Meigas e Trasgos inicia un novo curso e actividades



A Asociación Cultural Meigas e Trasgos de Sarria abre o 4 de outubro as súas actividades para o novo curso. O alumnado poderá formarse en baile tradicional, percusión, pandeireta e gaita, coa garantía de recibir ensinanzas cargadas de tradición e entusiasmo. O cadro docente reúne figuras destacadas da música e danza galega. Pepe Vaamonde, con máis de 30 anos de carreira na gaita, impartirá clase de instrumento. Silvia Gómez combinará pandeireta e canto, levando a forza da tradición galega a cada compás. Ismael será o encargado da percusión, marcando o ritmo das danzas, mentres que Olalla Yáñez transmitirá toda a enerxía do baile tradicional. Para o perfeccionamento no baile de adultos contaremos con Belén e Iván, alma da asociación.

HORARIOS. Os sábados pola mañá estarán dedicados ao baile infantil, dividido en catro

grupos de idade: de máis de 12 anos (10:50 a 11:45 horas), de 5 a 8 anos (11:45 a 12:30 horas), de 2 a 4 anos (12:30 a 13:15 horas) e de 9 a 11 anos (13:15 a 14:00 horas). Pola tarde será a quenda dos adultos, con clases de baile de 16:00 a 17:00 horas e un nivel de perfeccionamento de 17:00 a 19:00 horas. Tamén os sábados impartiranse as clases de gaita, cun grupo de iniciación de 16:00 a 17:00 horas e outro de perfeccionamento de 17:00 a 18:00 horas. Ao mesmo tempo, desenvolveranse os cursos de percusión, con sesión de iniciación de 17:00 a 18:00 horas e perfeccionamento de 18:00 a 19:00 horas. Ademais, unha vez ao mes realízase un ensaio xeral de 18:00 a 19:00 horas. As tardes dos luns están reservadas para a pandeireta e o canto, con tres grupos: infantil (19:00 a 19:45 horas), iniciación (19:45 a 20:30 horas) e perfeccionamento (20:30 a 21:30 horas).

A Casa da Cultura de Sarria acolle a exposición 'El alma de María'

A exposición El alma de María, da artista sarriá María Barrado García pódese visitar na Casa da Cultura.

A pintora e o concelleiro de Cultura do Concello de Sarria, César No, inauguraron a exposición ante un público interesado en coñecer o traballo creativo da autora.

A mostra está composta por máis de trinta pezas realizadas con técnicas pictóricas como a acuarela e o debuxo lineal con Rotring.

Segundo explicou Barrado, este proxecto funcionou para ela como unha terapia que lle axudou na súa saúde mental, abrindo a través da pintura un universo interior compartido con todas as persoas que se achegaron á súa obra.



A artista, que retomara a súa faceta pictórica, dera tamén a coñecer o seu primeiro poemario, titulado Amor Exia, presentado en Sarria. Trátase dunha composición literaria que recolleu os seus sentimentos máis profundos, inspirados nas etapas

vitais que atravesou. A propia autora sinalou que os poemas naceron das experiencias vinculadas á ansiedade, á depresión e á perda da súa nai, así como da superación dunha anorexia que marcou a súa evolución persoal e creativa.

Rebuldeira Teatro estreou a súa nova obra de teatro, 'Vermello'

Rebuldeira Teatro presentou a súa nova obra de teatro, 'Vermello'. A peza, de creación propia e baixo a dirección de Rubén Pérez Pombo, aborda un relato no que se cruzan personaxes históricos e voces contemporáneas que viaxan desde a Guerra Civil ata o presente. O elenco está formado por Viruca Pallares, Chus Tosar, Mila López, Mila Núñez, María Varela, Vicky Pérez, David de Manan e Rocío Peccatiello.

A proposta busca reflexionar sobre o peso da guerra e a súa influencia nas xeracións posteriores, a través



dun espectáculo no que conviven a risa e a dor, a vida e a morte, e no que a directora conduce a representación dende as táboas.

Vermello iniciará unha xira por diferentes localidades galegas e mantén abertas as posibilidades de contratación.

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con
nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de octubre!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en
productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86-27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677

CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL 2025

Trécola Producións · Xamón Producións · Ítaca Teatro
Ubú Teatro · Teatro do Miolo · Señor López Producións
Satori Teatro · Lílâ Teatro · Bátega Teatro · Mircromina
Títeres · A Compañía Solitaria do Dr. Monifate · Loia
Producións · Tarabela Creativa · Bengala Teatro Físico
Enésima · ZoeVixion



DEPUTACIÓN
DE LUGO

VICEPRESIDENCIA



Cultura

“Unha atención diaria facilita obter un resultado excelente”

Iria Figueiras é graduada en Odontoloxía e con Máster en Ortodoncia e ortopedia dentofacial e dedícase en exclusiva á especialidade de Ortodoncia

Jessica Fernández

Como xorde Ortodoncia Figueiras?

Ortodoncia Figueiras nace da necesidade de ofrecer, na provincia de Lugo, un centro de ortodoncia exclusivo, non unha clínica dental convencional. Os pacientes que acoden fano especificamente na procura de tratamentos de ortodoncia. Eu, como profesional da ortodoncia que traballou como ortodontista exclusiva en distintas clínicas das provincias da Coruña, Ourense, Madrid e Lugo, decateime de que en Lugo non existía ningún centro especializado e exclusivo nesta área. É por iso que a finalidade de abrir este centro no pasado mes de agosto é poder ofrecer aos pacientes un tratamento exclusivo coa posibilidade dun seguimento continuo, incluíndo atención diaria, facilitando así que os tratamentos se completen máis rápido e non sufran atrasos e/ou complicacións. Contar con atención todos os días non só supón unha gran comodidade para o paciente, senón que permite realizar todo tipo de tratamentos que, noutros lugares, sen unha boa especialización, non son posibles.

Que a diferenza doutras clínicas?

Son a única profesional membro activo de AESOR (Asociación Española de Especialistas en Ortodoncia) na provincia de Lugo, o que ofrece unha gran especialización neste campo. A ortodoncia é unha disciplina moi concreta e especializada que un

dentista xeral non debería realizar; este centro xorde para cubrir esa necesidade específica. O obxectivo da nosa clínica de ortodoncia é buscar a excelencia no que facemos e desenvolver procedementos que nos permitan medir e mellorar a calidade do noso traballo especializado en ortodoncia. Creo firmemente na importancia dunha boa formación, e continuada, para garantir os coñecementos máis

“O que máis valoran os meus pacientes e que máis me motiva a min é ofrecer un trato próximo. Considero fundamental que o paciente entenda o seu tratamento”

actualizados e poder aplicalos a todos os meus pacientes.

Que tipo de tratamentos se poden levar a cabo na súa clínica?

Dentro dos tratamentos de ortodoncia existen diversas técnicas, e actualmente pódense distinguir tres grandes modalidades: ortodoncia con brackets, ortodoncia con aliñadores e ortopedia dentofacial en nenos máis pequenos. No caso da ortodoncia con brackets, existen diferenzas entre os sistemas dispoñibles. Nós utilizamos o sistema Damon, de au-

toligado pasivo, que ofrece varias vantaxes: os tratamentos adoitan completarse en menos tempo, as molestias para o paciente son menores xa que se require menos forza para lograr mellores resultados e facilitan a hixiene diaria. En canto aos aliñadores, traballamos co sistema Invisalign, que a día de hoxe segue tendo a patente líder neste tipo de tratamentos, o que nos permite ofrecer aos pacientes a máis alta calidade, cun servizo exclusivo e uns prezos realmente axustados. Hai que ter en conta que este tipo de tratamentos, noutros centros, o ortodontista ten que desprazarse, xerando uns custos que repercuten no paciente.

Que valoran máis os seus pacientes da clínica?

Primeiro, hai que resaltar que atendemos a pacientes de todas as idades. Aínda que a ortodoncia se asocia máis a idades temperás, tamén tratamos a adultos, incluíndo casos nos que xorden problemas por non ter recibido tratamento na etapa infantil. Os nosos pacientes teñen idades que van desde os 4 ou 5 anos ata os 80, xa que non hai límite de idade para recibir ortodoncia. O que máis valoran os meus pacientes e o que máis me motiva a min é ofrecer un trato próximo, no que o paciente entenda desde o inicio o problema que hai e poder seguir os tratamentos diariamente. Considero fundamental que o paciente entenda o seu tratamento, polo que dedico varias citas a explicar cada paso, xerar confianza e aclarar por que se recomenda unha



técnica no canto doutra, sempre asegurando que o paciente se sinta tranquilo e seguro. Para iso, realizamos un mínimo de tres citas dedicadas á valoración e explicación detallada do tratamento.

É importante a especialización.

A idea do noso proxecto é poñer en valor as especialidades: non todo o mundo pode facer todo. Eu adoito comparalo coa vista: normalmente non vas ao teu médico de familia para unha cirurxía ocular, senón que buscas a un oftalmólogo especializado que poida realizala correctamente. O mesmo ocorre en odontoloxía: é fundamental elixir a un profesional especializado para cada tratamento. Para poder dedicarme exclusivamente á ortodoncia, realice un posgrao a tempo completo durante tres anos. Non calquera tipo de curso ou formación te capaci-

ta para exercer correctamente a ortodoncia, polo que en ocasións non se conta coa preparación necesaria e pode derivar en problemas severos, funcionais, de mordida, postura corporal, dores musculares ou outras complicacións máis graves. É por este motivo que é tan importante a selección de quen nos vai tratar, xa que en odontoloxía a regulación non é tan estrita como en medicina.

Con que instalacións conta?

Cando puxemos en marcha a clínica, ademais de que fose bonita, acolledora e agradable, a nosa prioridade era que resultase cómoda e funcional para o noso traballo diario e para a práctica desta especialidade. As citas de ortodoncia non requiren de moito tempo, pero é fundamental que o paciente se sinta cómodo e que, desde o primeiro momento, poidamos ofrecelo mellor para o seu tratamento. Contamos con todo o necesario para un diagnóstico completo: radiografías, TAC, diagnóstico 3D, fotografía intra e extraoral... todo o imprescindible para avaliar ao paciente sen necesidade de derivalo a outro centro. A idea é que o paciente entenda que vén recibir un tratamento de ortodoncia integral.

Ten algún proxecto de futuro?

O proxecto de futuro deste centro é que a clínica medre mantendo sempre a máxima calidade do servizo, tal e como o ofrecemos actualmente. Aínda que aumente o número de pacientes, o meu obxectivo é asegurar que cada un continúe recibindo os mesmos coidados e atencións que se lles ofrecen agora, de maneira que nun futuro poida Ortodoncia Figueiras consolidarse como un referente na ortodoncia de toda a provincia.

LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabelimpiezas@gmail.com

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL

JOSÉ LUIS VILAR LOSADA

C/ Portomarin, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

AEROTERMIA

• •

SUELO RADIANTE

• •

BIOMASA

• •

INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

• •

O Esmorga Fest celebra o seu X aniversario con 19 artistas

O Esmorga Fest celebra a súa décima edición os días 17 e 18 de outubro e promete converter a vila nun referente musical durante esa fin de semana.

No cartel destacan nomes recoñecidos como Joe Crepúsculo, La Habitación Roja, Mujeres, Viva Belgrado ou Oh Hiroshima, xunto con formacións emerxentes como Anabel Lee, Bum Motion Club, BattoSai, Beach Avenue, Las Dianas, Las Prisas, Sara Zozaya ou Ezeze.

Tamén forman parte da programación Parquesvr, Cholas, Javier LG, John Axiom e Pálida, completando así unha proposta



diversa que combina diferentes estilos musicais.

O festival, que conta co apoio da Xunta de Galicia, a Deputa-

ción de Lugo e o Concello de Sarria, consolidouse como unha das citas musicais máis destacadas do outono galego.

A Xunta mellora a fachada e o interior do Xulgado de Sarria

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes executou este verán diversas melloras no Xulgado de Sarria cun investimento de 26.300 euros, destinadas a conservar e modernizar as instalacións.

As obras incluíron a limpeza de todo o exterior e da entrada principal, a aplicación dun tratamento hidrófugo para evitar a humidade, a renovación da pintura dos paramentos e o selado das xuntas nas zonas de pedra. No interior, destaca o pintado da área de Rexistro Civil.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, visitou o edificio para comprobar o resultado dos traballos, que se centran principalmente no acondicionamento da fachada para corrixir o deterioro provocado polo paso do tempo. Arias recordou que o Goberno galego mantén un



programa anual de conservación e modernización das infraestruturas xudiciais da comunidade para garantir que os servizos funcionen nas mellores condicións. Ademais, dentro do plan de reforzo da seguridade nos xulgados, a Xunta instalou o ano pasado un arco de control na entrada do Xulgado de Sarria para facilitar

os controis de acceso.

O delegado avanzou que antes de que finalice o ano se realizará unha nova actuación para acondicionar unha porta de paso con peche eléctrico destinada ao persoal que traballa no xulgado, mellorando así a seguridade e funcionalidade das instalacións.

Mercedes Vázquez na Semana de Cine de Lugo



O Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá de Lugo organizou unha homenaxe para a fotógrafa Mercedes Vázquez Saavedra durante a XLVII Semana de Cine de Lugo no salón de actos da Deputación de Lugo.

A concelleira de Cultura de Lugo, Maite Ferreiro, recoñeceu o labor como fotógrafa da

artista sarriá e agradeceulle o poñer en valor ás mulleres e ás historias que hai detrás de cada unha delas.

Pola súa parte, Mercedes Vázquez agradeceu a todas as asistentes, as persoas que puxeron en valor o seu traballo e a aquelas que a acompañan no camiño por formar parte do seu labor.

Adxudicada a mellora da LU-P-5712 entre Barbadelo e Vilei

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar a adxudicación das obras de mellora da estrada LU-P-5712, que conecta a parroquia de Barbadelo co núcleo de Vilei en Sarria, por un importe de 80.000 euros.

As actuacións inclúen a reapertura de cunetas, o reafirmado co estendido do aglomerado en quente, o pintado da estrada e a reposición da sinalización vertical.

O prazo de execución previsto unha vez comecen os traballos será duns meses.

A voceira socialista do Goberno pro-

vincial, Pilar García Porto, destacou que "seguimos sacando adiante proxectos para rehabilitar e conservar a rede de estradas provinciais, sempre co obxectivo de mellorar a calidade de vida de todos os veciños e veciñas.

Neste caso concreto, podemos dicir que esta é unha actuación especialmente relevante para a veciñanza destas entidades de poboación, situadas a pouco máis dun quilómetro, xa que permitirá incrementar de maneira moi significativa a seguridade viaria e facilitar as comunicacións diarias".

A CASA

cenor

Rúa Diego Pazos, 5,
27600 Sarria, Lugo
982 53 09 25
info@electrodomesticosacasa.com

Este outono
Disfruta de la
lluvia!

**SECADORA
Whirlpool**
C WD 94H WBS SPT
549€

logopedia
M^o del Mar Tourón
10 de setembro 2025

Y TÚ
**¿CÓMO
HABLAS?**

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

COMARCA

Comeza a campaña de vacinación en Galicia



Xa está en marcha a campaña de vacinación fronte á gripe e a covid-19 en Galicia, que comeza coa inmunización das persoas usuarias de residencias de maiores e de centros para persoas con discapacidade. A primeira fase inclúe tamén a vacinación do persoal que traballa nestas instalacións, cunha dose reforzada contra a gripe que a Xunta decidiu ampliar este ano ás persoas maiores de 70 anos, logo dos bos resultados do ensaio clínico Galflu. A campaña, que se prolongará ata o 31 de decembro, desenvolverase de maneira progresiva segundo os colectivos e grupos de idade, co obxectivo de chegar a toda a poboación diana. O seguinte paso terá lugar a partir do 13 de outubro, cando comece a inmunización dos nenos e nenas de entre 6 meses e 11 anos. Nesta etapa introdúcense dúas novidades: a vacina intranasal contra a gripe para a poboación infantil de 24 meses a 11 anos e un programa piloto en 55 colexios que pretende vacinar 19.000 alumnos de entre 3 e 11 anos. Para o resto, a administración da dose

farase nos centros de saúde. O calendario continuará o 20 de outubro coa vacinación das persoas maiores de 70 anos, das persoas inmunodeprimidas e do persoal sanitario e de urxencias. Xa o 3 de novembro será a quenda das mulleres embarazadas e das persoas menores de 60 anos con patoloxías de risco. O 10 de novembro comezará a inmunización das persoas con 60 e máis anos, do persoal de servizos esenciais e de colectivos con exposición laboral. Finalmente, a partir do 1 de decembro vacinaranse os convivintes de persoas vulnerables e o resto da poboación. Galicia continúa liderando as taxas de cobertura vacinal tanto na gripe como na covid-19. No caso da gripe, o 71 % das persoas maiores de 65 anos recibiron a vacina, fronte ao 58,4 % rexistrado no conxunto de España. A Xunta fai un chamamento á cidadanía para participar nesta campaña de vacinación, coa que se busca reducir a incidencia das dúas enfermidades e previr o seu impacto na saúde da poboación.

PINTOR

PINTURAS HOGAR

LATAS

tel.:659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES

PERSIANAS

PAPEL PINTADO

TARIMA FLOTANTE

659 767 936

HOGAR

CORTINAS - STORES

RIELES

ALFOMBRAS

EDREDONES

C/ Benigno Quiroga, 93-95, bj - 982 533 497

SARRIA (Lugo)

A II fase da autovía Nadela-Sarria poderá iniciar as obras en 2026

O proceso administrativo para completar a autovía que unirá Lugo con Sarria deu un paso decisivo coa aprobación da declaración de impacto ambiental favorable. O documento abrangue un treito de 13,5 quilómetros comprendido entre Nadela e a saída cara A Pobra de San Xiao e O Páramo, e confirma que a actuación é viable desde o punto de vista ambiental, sempre que se cumpran os requisitos marcados na resolución. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático especifica que a autorización está condicionada ao cumprimento dos criterios e do programa de seguimento ambiental incluídos tanto na propia DIA como no estudo de impacto presentado polo promotor. Os informes avaliados conclúen que a obra “non xerará efectos significativos nos ámbitos analizados” sempre que se garantan medidas correctoras en materias como calidade do aire,



saúde da poboación, xestión da auga e dos residuos, protección do patrimonio cultural, fauna, flora, espazos naturais e valores ecolóxicos. Esta segunda fase, cun orzamento estimado de 34,7 millóns de euros, permitirá completar o desdoblamento do corredor e mellorar a conexión viaria entre a capital da provincia e Sarria. Entre as intervencións previstas

destacan a construción de dous viadutos sobre os ríos Chamoso e Neira, a ampliación de trece pasos inferiores e a execución de cinco muros de contención. Segundo anunciou a Xunta, a previsión é que os traballos se poñan en marcha en 2026, despois de que no pasado se inaugurase xa o treito entre A Pobra de San Xiao e Sarria Centro da AG-22.

O Camiño Eufrasiano estreou nova sinalización cunha ruta guiada

Os concellos de Samos e do Incio celebraron unha ruta guiada polo Camiño Eufrasiano para dar a coñecer a nova sinalización deste histórico itinerario. A saída realizouse dende a Praza Vergara Vilariño de Samos e avanzou polo antigo lavadoiro ata o Santuario de San Eufrasio, no Val do Mao, onde repousan os restos do varón apostólico. Durante o traxecto, os participantes estiveron acompañados polo guía Xaime Fernández, que lles trasladou explicacións sobre a historia e o patrimonio vencellado a esta senda. Este percorrido fora utilizado no seu día por camiñantes que entraban en Galicia por Riocereixa, en Pedrafita do Cebreiro, e enlazaban despois co Camiño Francés en Samos. A xornada concluíu cunha visita ao santuario e coa presentación oficial dos novos paneis informativos instalados na igrexa de Santo Eufrasio, unha intervención coa que se busca reforzar o atractivo cultural e turístico da zona.



A sinalización foi promovida polos dous concellos grazas a sendas achegas de 30.000 euros concedidas por Turismo de Galicia, e permite ofrecer unha alternativa máis para veciños, visitantes e tamén peregrinos. Ademais da mellora do Camiño Eufrasiano, os dous municipios acondicionaron no mesmo itinerario a área recreativa de As Fontes, pensada para o lecer da veciñanza e dos viaxeiros, e colocaron nova sinalización noutros espazos patrimoniais

como o castro de Formigueiros e as necrópoles de Santa Mariña e da Serra do Édramo, co obxectivo de poñer en valor estes enclaves históricos. No pasado mes de xullo, desde o Concello de Samos e o do Incio xa iniciaran a recuperación do Camiño Eufrasiano, grazas a unha axuda de 60.000 euros concedida pola Xunta de Galicia, incluíndo traballos nas necrópoles de Santa Mariña e Serra do Édramo, así como no Castro de Formigueiros e na Ruta do Carballal.

DEPUTACIÓN

Firman o convenio para facer un Centro de Innovación Territorial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a directora Xeral de Políticas contra o Despoboamento, Ana de los Ángeles Marín, veñen de asinar o convenio polo que a provincia entra a formar parte da Rede de Centros de Innovación Territorial (CIT) cun investimento de 850.000 euros destinado a frear o despoboamento e dinamizar o rural. “O Executivo de Pedro Sánchez continúa a cumprir cos compromisos adquiridos con esta provincia e nos seguimos a captar fondos que nos permitan desenvolver proxectos clave para reter talento e modernizar o territorio”, valorou o mandatario provincial.

Este acordo ten por obxectivo a creación dun marco de cooperación entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Deputación para impulsar unha plataforma de coordinación pública e privada que permita mobilizar financiamento e coñecemento co obxectivo de dinamizar a economía local, xerar emprego e fixar poboación, sacar adiante iniciativas sociais e tecnolóxicas e conectar o territorio coas universidades, centros de investigación e empresas para transferir innovación.

Mediante o convenio que se vén de formalizar, o Ministerio compromé-



tense a achegar 510.000 euros e a Deputación outros 340.000 entre este ano e o 2029, comezando este ano cunha primeira partida de 100.000 euros. A Deputación de Lugo deberá poñer a disposición do CIT os espazos adecuados para o seu funcionamento, achegar o persoal necesario e contribuír coa súa organización.

Tomé Roca explicou que este acordo se enmarca no traballo que a Deputación de Lugo leva anos facendo “impulsando políticas destinadas a acercar os servizos ao rural” e destacou a rede pública de residencias de maiores que puxo en marcha a institución provincial para “favorecer o arraigo cunha atención de calidade, creando emprego”. Nese sentido, puxo en valor que a Depu-

tación de Lugo ten xa 9 residencias en funcionamento—nos concellos de Pol, Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil— que dan servizo na provincia a través dun modelo de pequenos centros públicos, nos que prima a atención ás persoas, e que conta con moi boa acollida en Europa.

O Presidente sinalou outros proxectos e boas prácticas que impulsa a Deputación que contribúen a fixar poboación, como o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, a Granxa Gayoso Castro ou iniciativas turísticas como as rutas en catamarán ou o Parque Central de Antas que impulsan un modelo de colaboración público-privado.

Entregan os premios provinciais á excelencia turística e gastronómica

A Deputación de Lugo celebrou o acto de entrega da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia coincidindo co Día Mundial do Turismo, nunha cita na que o presidente da institución e do Consello Provincial de Turismo, José Tomé Roca, destacou a importancia de iniciativas “que proxectan a nosa identidade ao mundo”. Tomé, acompañado da deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, fixo entrega dos galardóns ás entidades premiadas.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense, o xurado distinguiu o programa Descubrir Quiroga, a Queima das Fachas de Taboada e a Foliada da Fonsagrada, mentres que na sección ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense resultaron recoñecidas a Feira do Queixo do Cebreiro e a Feira Degustación da Tenreira de Láncara. Ademais, o proxecto Cami-



ño cara a sostibilidade turística da Mariña Lucense foi galardoado na categoría de Turismo Sostible, na que tamén se outorgou un accésit ao Hotel Mogay.

Durante a súa intervención, Tomé Roca subliñou que máis que entregar uns premios, se rende homenaxe ao “compromiso, á creatividade e ao amor pola provincia de Lugo”, salientando que cada iniciativa premiada

fala “de xente que cre na súa terra, que entende o turismo como unha ferramenta para xerar riqueza, dinamizar o rural, preservar o patrimonio e dar a coñecer a identidade lucense no mundo”. O acto desenvolveuse no Salón de Actos do Pazo de San Marcos e contou coa actuación da guitarrista lucense Iria de Cabo, integrante da Banda da Loba, e da baixista e cantante Raquel López.

Unanimidade do Pleno para ser sede da Axencia Estatal de Saúde Pública

A Deputación de Lugo apoiará á candidatura do Concello de Lugo para que a capital da provincia acolla a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública (AESAP). Así se acordou no Pleno tras unha proposta de Presidencia que contou co apoio unánime das tres forzas políticas da Corporación: PSdeG, BNG e PP. Defendeu o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que “é unha cuestión de xustiza territorial” que Lugo albergue este organismo que terá por obxectivo centralizar, coordinar e reforzar a saúde pública de todo o país fronte ameazas e riscos que teñen que ver coa saúde pública. O Pleno tamén aprobou, coa abstención do PP, a Conta Xeral do ano 2024 da Deputación, cumprindo así cos prazos legalmente establecidos, que determinan a obriga de presentar este expediente ante o Consello Xeral de Contas antes do día 15 de outubro. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, destacou que o gasto comprometido acadou no ano

2024 un 94,49% “amosando que a Deputación mellora a súa capacidade de xestión ano tras ano”.

EDUCACIÓN. O Pleno acordou tamén esixir á Xunta que remate cos recortes que levaron a unha situación crítica a varios centros educativos da provincia. Así se aprobou na sesión ordinaria do mes de setembro que tivo lugar esta mañá no Pazo de San Marcos, tras o debate dunha moción socialista que denuncia a problemática que viven moitos colexios públicos provocados pola falta de profesorado. A iniciativa, que se debateu xunto cunha proposta de Goberno en defensa do ensino público, contou cos votos a favor do PSdeG e o BNG e cos votos en contra do PP.

Destacou Tomé Roca, antes da sesión plenaria que “desde que goberna en Galicia o PP calquera inicio de curso é un problema. Todo baséase nos recortes, sobre todo no rural”. Valorou a “incapacidade” de xestión dos populares, que queda reflectida nas 157 prazas que quedaron sen cubrir en Lugo.

O Consorcio provincial de Bombeiros investirá en melloras nos seis parques

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou unha achega extraordinaria de case 2M€ para mellorar os seis parques da provincia e facer fronte á suba salarial acordada no convenio cos traballadores.

Na anualidade 2025 o Orzamento ascenderá deste xeito ata os 10,7M€. A Deputación achega o 50% desta dotación económica e o outro 50% a Xunta de Galicia.

No caso dos parques de Sarria, Chantada e Vilalba, os novos fondos permitirán ampliar as instalacións para dotalas dun espazo de almacenaxe; no caso de Barreiros actuarase sobre as filtracións de auga na terraza, reformarase a cuberta e o soportal, as humidades da fachada, pintaranse as paredes e os teitos interior e acondicionaranse os baños; en Monforte

rehabilitarase a cuberta e os canlóns, revestiranse as fachadas e pintaranse as instalacións por dentro e por fóra; e en Viveiro acondicionarase o chan do ximnasio. O custe conxunto destas obras superará os 700.000€. Ademais, 1,19M€ estarán destinados ao cumprimento do convenio asinado a principios de ano cos traballadores, nos que se recollían entre outras melloras a incorporación de 26 efectivos, un aumento salarial anual de 6.000 euros na categoría de bombeiro, redución de 158 horas anuais ata as 1.642 horas, ou o recoñecemento como persoal laboral fixo dos traballadores con contrato indefinido no momento da subrogación do pasado 1 de maio do 2019. O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, conformado pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia ao 50%, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

O uso do galego nos cemiterios de Galicia: entre a recuperación e a pegada do franquismo

Estudos locais e iniciativas cidadás confirman unha presenza crecente da lingua nas inscricións funerarias, aínda moi minoritaria fronte ao castelán

Nos cemiterios de Galicia, a lingua das lápidas, das esquelas e das fórmulas funerarias é tamén un rexistro da memoria colectiva e das presións históricas sobre a identidade. Durante o franquismo, a presenza institucional do galego foi practicamente nula e isto trasladouse a numerosos ámbitos cotiáns, incluídos rituais funerarios e as inscricións sepulcrais, o que contribuíu a que por décadas o castelán se convertese na lingua de prestixio. A transición democrática e a normalización normativa iniciada logo do 1975 e consolidada co Estatuto de 1981 puxeron o galego en posición de recoñecemento oficial, mais a herdanza sociolingüística non cambia de fío: nas prácticas funerarias mantívose durante anos a tendencia a escoller o castelán, percibido nalgunhas contornas como lingua de maior prestixio, especialmente en ámbitos relixiosos e institucionais. Informes e traballos de campo recentes relatan que, aínda que hai unha recuperación paulatina, a lingua galega segue moi por detrás nas inscricións e ritualística funeraria. As cifras recollidas por distintos proxectos e medios reflicten unha situación crúa pero con matices: in-

vestigacións cidadás e proxectos de catalogación sinalan que en moitos cemiterios un pequeno porcentaxe de lápidas aparece redactado en galego —nunha das sondaxes citadas incluso apuntouse que só arredor do 5% estaban en galego— mentres que outras avaliacións e iniciativas locais, especialmente as realizadas desde movementos culturais e polos propios concellos, detectan incrementos que sitúan a presenza en cifras superiores nalgúns territorios, incluso ata o 20% segundo algún traballo. Esa dispersión estatística amosa que existe variabilidade xeográfica e metodolóxica, e subliña a necesidade de estudos sistemáticos e homologados para coñecer a verdadeira dimensión do fenómeno. Ao mesmo tempo, desde colectivos culturais e institucións como o Consello da Cultura Galega fóronse promovendo iniciativas de rexistro, catalogación e visibilización das inscricións en galego, e tamén exposicións e proxectos divulgativos que procuran valorizar a lingua no espazo da memoria. Exemplos recentes de investigacións locais e mapas colaborativos apuntan a que aínda que existe unha reacción comunitaria

que trata de recuperar a linguaxe funeraria en galego como forma de recoñecemento da identidade lingüística das persoas falecidas. Así, nas últimas dúas décadas empezou a documentarse unha recuperación parcial. O labor dun centenar de persoas voluntarias que percorren Galicia para visualizar camposantos e recopilar datos de case 60.000 familias permitiu elaborar unha panorámica que confirma esa tendencia. Entre elas está o escultor Pablo López, quen iniciou o seu traballo na parroquia de Fonfría, na Fonsagrada, cun “paseo investigador” para rexistrar epitafios, analizar materiais e mesmo inventariar arquitectura, pintura e escultura dos templos. A súa observación é clara: a porcentaxe de

Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital

inscricións que incorporan palabras como “muller”, “home”, “fillos” ou “netos” medra de xeito progresivo, cunha aceleración evidente no século XXI. En lugares como Santo André de Logares, oito das setenta familias deron o paso de escribir en galego; en Burón, Fonfría, Suarna ou Padrón a presenza tamén aumenta, mentres que no casco urbano da Fonsagrada a porcentaxe baixa ata un 2%. No mesmo sentido apunta a escritora Emma Pedreira, que percorreu cemiterios locais no marco do seu libro *As horas mortas* e documentou máis de cinco mil propiedades funerarias. En Sada realizou 3.660 visualizacións, nas que apenas 16 familias mantiveron estabilidade no galego, unha cifra que cualificou de “tesouros dignos dunha antoloxía”. A súa investigación comparativa entre espazos urbanos e rurais —Veigue, Cangas ou Centroña— mostra a desigual implantación do idioma segundo o territorio, mais tamén unha tendencia emerxente que se confirma co relevo xeracional. O xornalista David Canto Veiga coor-



dinou boa parte destes traballos e puxo en marcha un mapa divulgativo presentado no Consello da Cultura Galega en 2024, que compila información recollida en Galicia, Asturias occidental, O Bierzo e As Portelas zamoranas. Nel evidénciase que as primeiras xeracións alfabetizadas en galego durante a democracia son hoxe as que deciden sobre a lingua das inscricións dos seus familiares. Ese cambio xeracional está acompañado dunha maior transversalidade: participan máis mulleres, e o galego escrito deixa de ser exclusivo das persoas con estudos superiores. Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital provincial. En Bande, unha iniciativa encabezada por Manuel Rivero Pérez e Adolfo Fernández Dafonte localizou unha inscrición en galego datada en 1924 no cemiterio de Baño, un achado excepcional que retrotrae a presenza escrita da lingua máis atrás do que se cría. En Chantada, a docente Tania Vázquez García, no marco do proxecto educativo Palabra e Memoria, analizou máis dun milleiro de familias e comprobou que en parroquias como San Salvador de Asma ou San Xurxo a porcentaxe de inscricións en galego, aínda reducida, amosa unha clara tendencia á alza. Segundo os seus datos, arredor dun 4% das familias xa optan polo idioma propio, un resultado semellante ao doutras zonas rurais. A perspectiva histórica é elocuente: no século XIX, tras o Rexurdimento, houbo exemplos illados de inscricións en galego, como a de Rosalía de Castro en Bonaval en 1891, mais logo chegou un longo período de escuridade no que desapareceron termos tan esenciais como “fillos” ou “netos” das lápidas. As iniciativas de sensibilización dos anos noventa, como *En galego agora e sempre* ou *Palabra e Memoria*, abriron camiño,

mais non foi ata a década de 2010 cando os avances comezaron a consolidarse. A día de hoxe, o uso do galego nos cemiterios segue a ser minoritario e desigual, con porcentaxes que se moven entre o 2% de certas vilas e o 20% nalgúns concellos rurais. A explicación está na combinación de factores: o peso simbólico do castelán como lingua de prestixio, a inercia dos servizos funerarios, a liturxia relixiosa maioritariamente en castelán e a propia actitude das familias. Mais tamén hai sinais de cambio: a implicación das novas xeracións, o traballo de investigación cidadá e o interese institucional que comeza a abrir camiños. Desde a perspectiva dunha política lingüística eficaz, o reto pasa por combinar medidas simbólicas e prácticas: promover que os rexistros civís e institucionais faciliten e normalicen o galego nas certificacións e documentación funeraria; ofrecer materiais e guías aos servizos funerarios e talleres de lapidaría para o uso correcto do galego; impulsar campañas informativas que sensibilicen sobre a importancia de nomear e despedir na lingua da persoa; e fomentar estudos sistemáticos que xeren datos comparables sobre a evolución por comarcas e concellos. Estas accións non só teñen un efecto simbólico senón que tamén contribúen a reparar a invisibilización histórica e a fortalecer a normalización lingüística no ámbito máis íntimo das familias. Con todo, a transformación depende en grande medida das decisións das familias e das comunidades locais: a lingua das lápidas seguirá sendo un espello das actitudes colectivas cara ao galego. A recuperación parcial que documentan proxectos e xornalismo local mostra que a lingua pode volver ocupar o lugar que lle corresponde nas despedidas, mais tamén que esa recuperación será desigual se non se acompaña de políticas públicas e iniciativas culturais coherentes.



Promoven actividades de inglés, patinaxe e apoio escolar

O Concello do Incio vén de poñer en marcha dun variado programa de actividades extraescolares para este curso académico, dirixido a alumnado de Secundaria. O obxectivo é favorecer a aprendizaxe, o apoio escolar e o lecer activo da mocidade do municipio.

Ofertaranse clases de patinaxe, que se impartirán os luns de 17:30 a 18:30 horas, así como sesións de inglés gratuítas para secundaria: os mércores, de 17:30 a 18:30 horas, estarán destinadas ao alumnado de Bacharelato, mentres que os xoves no mesmo horario acudirán os rapaces e rapazas de ESO. Ademais, porase en marcha unha aula de repaso, con horario aínda por determinar, para reforzar distintas materias e axudar ao alumnado nas súas



tarefas escolares.

Tamén na Vila de Mouros haberá clases de inglés todos os mércores, cun horario adaptado ás diferentes idades: de 16:00 a 17:00 horas para ESO, de 17:00 a 17:45 horas para

Infantil, e de 18:00 a 19:00 horas para Primaria. Estas sesións serán gratuítas para as persoas empadroadas no concello, mentres que os non empadroados deberán aboar unha cota mensual de 20 euros.

Volven as clases de pilates, ximnasia de mantemento e zumba



O Concello do Incio pon en marcha este mes de outubro unha nova programación deportiva que inclúe pilates, ximnasia de mantemento e zumba. As actividades impartiranse en distintas parroquias do municipio e contarán cun custo reducido de 10 euros ao mes, cunha modalidade de pago trimestral.

As sesións de pilates celebraranse

en Val do Mao os luns e xoves ás 17.00 horas, mentres que en Vila de Mouros terán lugar os martes ás 17.30 horas e os xoves ás 18.30 horas. Pola súa parte, a ximnasia de mantemento levarase a cabo no propio Incio os luns e venres ás 11.00 horas. A oferta complétase coas clases de zumba, tamén no Incio, programadas para os martes e venres ás 20.00 horas.

Impulsan unha nova edición das aulas de música e baile tradicional

O Concello do Incio, en colaboración coa ANPA Ricardo Gasset, pon en marcha unha nova edición das aulas de música e baile tradicional para o curso 2025/2026. A iniciativa busca promover a cultura e as tradicións musicais entre veciños de todas as idades, cun programa que combina formación instrumental e clases de danza.

As sesións de música terán lugar

no colexio do Incio os venres pola tarde. O horario inclúe "Música e movemento" para nenos e nenas de 4 a 7 anos, percusión tanto para adultos como para rapaces a partir de 8 anos, e tamén clases de gaita e acordeón dirixidas a maiores de 8 anos e persoas adultas. As materias serán impartidas por Pablo Fernández López e Daniel Fernández López.

Pola súa parte, as clases de baile

celebraranse no antigo mercado gandeiro os xoves. Haberá un grupo infantil, de 16:30 a 17:30 horas, e outro para adultos, de 19:00 a 20:00 horas, baixo a dirección de Branca Albán.

O prezo das actividades será de 10 euros mensuais por cada modalidade. As persoas interesadas poden formalizar a matrícula no Concello do Incio, no teléfono 982 427 014.

O Incio acolle un taller científico aberto ao público

A Asociación As Xeitosas impulsa unha nova iniciativa de divulgación coa organización do taller de ciencia para todos os públicos Lambiscadas Científicas, que terá lugar no antigo mercado gandeiro do Incio o sábado 4 de outubro ás 17:30 horas.

Durante a actividade, as persoas

asistentes coñecerán de maneira práctica e sinxela como as planificacións novas e ben xestionadas poden xerar un rendemento económico para os propietarios do monte, grazas á capacidade das árbores para capturar carbono e contribuír así á loita contra o efecto invernadoiro.

¡ESTAMOS DE ANIVERSARIO!

¡HACE UN AÑO ABRIMOS NUESTRAS PUERTAS Y QUEREMOS CELEBRARLO CONTIGO!

¡NO TE LO PIERDAS!

PIDE CITA PARA TU PRIMERA VISITA SIN COMPROMISO



C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

“As actividades da asociación axudan a darlle vida a Samos”

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos celebra máis de trinta anos de actividade cunha feira de referencia e iniciativas para o pobo

En Samos, a vida social, cultural e comercial leva tres décadas ligada a unha entidade que se converteu nun motor esencial para o municipio. Trátase da Asociación de Comerciantes e Profesionais de Artesanía, que preside José Fernández Vázquez, quen lembra que todo comezou coa celebración do Xacobeo 1993. “A asociación nace no marco do Xacobeo 1993, eu naquel momento era concelleiro. Entón, xurdiu co obxectivo de dar a coñecer un pouco os produtos do concello”, explica. Aquele ano, Fernández presentou unha moción que foi aprobada por unanimidade e permitiu organizar a primeira feira de artesanía en Samos, celebrada na leira da farmacia, ao carón do Mosteiro. “Para poder poñer en marcha a feira, hai que crear unha asociación, polo que nos poñemos mans á obra a partir do ano 1994”, lembra. Desde aquela, a entidade mantivo unha traxectoria chea de iniciativas, aínda que tamén con períodos de pausa. “Houbo algún parón. A Feira fixo este ano a 25 edición, pero do ano 2019 ao 2023 non se celebrou por falta de colaboración do Goberno local. A partir do 2023 rexorde tamén co cambio de Goberno”, subliña o presidente. A asociación ampliou co tempo o abano de propostas, dirixidas tanto á veciñanza de Samos como a persoas doutros municipios da contorna. “Agora facemos moitas actividades, como excursións que se fan para os veciños de Samos, pero tamén veñen do Incio, de Sarria e de Triacastela”, relata Fernández. Un dos eventos con máis éxito é o concurso de tapas, que xa vai pola súa 14ª edición. A iso súmanse a festa da castaña,

os entroidos, obras de teatro ou a creación da Aula do Obradoiro Padre Feijoo, na que colaboran quince profesionais de distintas disciplinas. “Tamén facemos a festa da castaña coa colaboración do concello, os entroidos, tamén se creou por primeira vez a Aula do Obradoiro Padre Feijoo que ten 15 protectores de distintas profesións, e tamén obras de teatro”, apunta. **CONCURSO DE TAPAS.** Dentro do calendario, o concurso de tapas converteuse nunha cita imprescindible para dinamizar a hostalaría local. “Este ano o concurso de tapas é, como cada ano, a última fin de semana de outubro, os días 25 e 26. Durante eses días, catro ou cinco establecementos de Samos ofrecerán dúas tapas, unha tradicional e unha innovadora, ás persoas que queiran desfrutar da calidade das tapas, algo que se valora moito á hora de votar”, explica o presidente. As propostas teñen un prezo accesible, entre 1 e 2,5 euros, e o público asistente é quen decide cales son as gañadoras. “Cando remate, desde a asociación faremos o recuento de votos e decidiremos o local gañador da tapa tradicional e o local gañador da tapa innovadora. Despois, faremos un sorteo a man alzada no que meteremos todos os nomes dos concursantes e sortearemos unha cea gratis para dúas persoas”, engade. Segundo Fernández, o concurso triunfa porque combina gastronomía, participación cidadá e dinamización económica: “Esta iniciativa, coa que levamos 14 anos, ten moito éxito e gusta moito porque ademais de fomentar consumir nos establecementos de Samos, dámoslle vida ao pobo”.

32 ANOS DE TRAXECTORIA. Co paso do tempo, a asociación consolidouse como unha das máis veteranas da provincia en canto a actividade continua. “Valoramos moito a acción da asociación e dos socios, xa que levamos 32 anos. Non sei se haberá moita asociación na provincia tantos anos cunha actividade como a nosa”, destaca Fernández. Así, a entidade contribúe a fortalecer o tecido social dun medio rural que sofre a dispersión da poboación. “Coas nosas actividades conseguimos dinamizar o rural, conseguimos que a xente se implique, que a xente

“O concurso de tapas triunfa porque combina gastronomía, participación cidadá e dinamización económica”

te se xunte e non haxa tanta dispersión”, sinala. O presidente recoñece tamén a importancia das institucións e entidades colaboradoras. “Agora que temos colaboración do Concello de Samos, da Deputación e da Xunta, así como dos establecementos, podemos facer máis cousas. Grazas a eles podemos levar a cabo as nosas actividades. Ademais, o Concello de Samos déixanos espazos públicos para levar a cabo as nosas actividades, así como o noso material gardámolo en instalación do concello. Pero podería haber moito máis”, asegura. Fernández ten clara unha das principais demandas: aproveitar mellor o potencial do Camiño de



Santiago e do patrimonio natural e monumental do municipio. “Sería interesante fomentar o Camiño de Santiago, que a pesar de que está bastante fomentado, habería que facer máis actividades con motivo de tantos e tantos peregrinos que pasan do mundo enteiro”, sostén. A súa proposta céntrase na cooperación entre tres actores fundamentais. “Tamén Samos necesita un triángulo de colaboración entre asociación, que é o pobo, o Concello e o mosteiro. Se funcionara ben, o pobo gañaría moito en canto a turismo, cultura, etc. Se houbera máis contacto entre as tres partes, sería mellor”, insiste. A riqueza do territorio, afirma, é incuestionable: “Estamos realmente nun lugar increíble, o Mosteiro é o segundo maior monumento de Galicia do Camiño de Santiago despois da Catedral de Santiago. E estamos entre dúas montañas, o Carballal e o Oribio. E temos o Val de Lúzara, o Camiño Eufrasiano... Deberíamos fomentar que houbera máis actividades para que a xente coñeza isto”. **MIRANDO CARA AO FUTURO.** Os proxectos da asociación pasan por manter todo o conseguido e seguir ampliando actividades. “Desde a Asociación de Comerciantes e Ar-

tesáns de Samos queremos conservar as actividades que estamos facendo, e todo o que poidamos ampliar benvido sexa”, sinala Fernández. A continuidade dependerá, unha vez máis, das axudas e da implicación tanto institucional como social. “Depende das colaboracións. Sempre. Todo isto, se non hai colaboración, colaboración persoal, colaboración económica, hai varios factores que teñen que intervir. Todo custa diñeiro”, advirte. Un exemplo é a feira de artesanía, un evento clave para a promoción do municipio. “Hai que ter en conta que, por exemplo, a feira custa moito. Este ano trouxemos 50 expositores con 8 obradoiros in situ, con demostracións. Esperamos seguir organizándoa moitos anos máis e seguir ampliando a participación”, explica. Fernández recalca a relevancia de manter esta cita: “Son moi importantes estas feiras de artesanía para mostrar os oficios e, aproveitando que a xente está de vacacións, conseguimos que veña xente e dea vida ao pobo, fomentando o turismo”. Ademais, a recuperación dunha tradición gastronómica supuxo un novo atractivo: “Ao ter agora polbeira cada mes, algo que recuperamos, a xente anímase máis. E iso é unha forma de crear vida ao pobo tamén”. Tras máis de tres décadas de historia, a Asociación de Comerciantes e Profesionais de Artesanía de Samos segue a ser un exemplo de como a implicación veciñal e o traballo conxunto poden revitalizar un municipio pequeno, pero cun patrimonio e unha historia de dimensión internacional grazas ao Camiño. Como resume o seu presidente, “todo custa, todo depende da colaboración, pero o que temos claro é que seguiremos traballando para que Samos teña vida, actividade e presenza”.



MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA
PARA LOS MÁS EXIGENTES

GRATIS BATERÍA ADICIONAL
EN MODELOS SELECTOS

489€

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202



Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

Invístense 220.000 euros en melloras viarias e infraestruturas

A Deputación de Lugo achegará ao Concello de Samos 220.000 euros para realizar 14 actuacións que afectarán a 7 parroquias do municipio e que estarán destinadas a mellorar estradas municipais e dotacións básicas.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Samos, Chus López, asinaron no Pazo de San Marcos un acordo de colaboración no que Tomé destacou como “moi importante para a veciñanza de Samos, xa que grazas a este acordo actuarase en case un terzo das parroquias deste municipio beneficiando directamente a máis de 200 persoas”.

Destacou o mandatario provincial que “unha boa mobilidade entre parroquias é fundamental porque facilita o acceso a servizos básicos e favorece o equilibrio territorial e o desenvolvemento económico do municipio”.

Enmarcou o presidente esta colaboración na cooperación cos Concellos, que segundo explicou “aplicamos de forma transversal en todas as nosas políticas de acción, e a través de diferentes proxectos e iniciativas, como o Plan Deputación, a través do que que a institución provincial proporciona achegas ás entidades locais que lles permiten realizar obras, mellorar infraestruturas ou



cubrir gastos de eventos que favorezan ao desenvolvemento social, económico e cultural”.

A maioría das accións que se levarán a cabo con este investimento da Deputación servirán para que o Concello de Samos mellore o firme de varias estradas locais en 6 parroquias rurais. Deste xeito, grazas aos fondos da Deputación, o Concello mellorará na parroquia de San Xoán Xosé de Santalla o firme do acceso ao núcleo de Gamiz, a conexión desde o núcleo de Furela con Estraxiz e varios tramos da vía que vai a Santalla de Arriba. Tamén, en Santiago de Zoó, rehabilitará o acceso a Zoó e a estrada que o une a Montán. Ademais, na parroquia de San Martiño de Lousada, actuarase na estrada que une Lousada co Franco; en

Pascais na vía que vai a Gontán; e na parroquia de San Xoán de Louzara a entidade local acondicionará grazas a institución provincial o firme do núcleo de Bustofrío, Praducelo, Vila do Castro e Parada de Lóuzara.

A maiores con cargo a este investimento provincial, o Concello de Samos poderá acometer a renovación doutras infraestruturas do municipio como a substitución das varandas existentes na Ponte de Lóuzara, situada no lugar da Ponte, por outras de madeira; mellorar o bebedoiro público para os animais no lugar de Vila do Castro; e en Formigueiros rehabilitará o depósito da auga, o que permitirá evitar perdas e garantir un subministro eficiente ós máis de 30 veciños e veciñas desta parroquia.

Samos estrearse no Rally San Froilán como tramo decisivo

Samos converterase por primeira vez en escenario dun dos treitos do Rally San Froilán, que se disputará o 18 de outubro. O itinerario, de 11,4 quilómetros e marcado pola súa esixencia técnica, partirá da estrada de Estraxiz e finalizará nas inmediacións do Mosteiro, con dúas pasadas programadas ás 18:45 e ás 22:25 horas.

A inclusión de Samos chega ademais como o gran broche do campionato, xa que será o último treito tanto da proba lucense como do propio Campionato Galego de rallys.

A alcaldesa, Chus López, subliñou que desde a chegada do seu equipo ao goberno municipal “multiplicáronse as actividades en todos os ámbitos” e destacou a relevancia deste anuncio, asegurando que se trata dunha das competicións deportivas máis importantes de Galicia e do Estado, cun tramo final que pode ser



decisivo para o resultado.

Pola súa parte, o vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, reafirmou o apoio institucional ao Rally San Froilán, que definiu como un dos maiores expoñentes da paixón polo automobilismo na provincia. Ademais, valorou que o percorrido sexa unha oportunidade de

dinamización social para os concellos polos que transcorre.

O Rally, que conta un ano máis co patrocinio principal da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, tamén pasará polos municipios de Outeiro de Rei, O Corgo, O Páramo e Sarria, sumando a Samos como a gran novidade desta edición.

Yolanda Díaz Gallego presentará o seu libro



A escritora sarriá Yolanda Díaz Gallego, filla de nai samanense, visitará o vindeiro martes 7 de outubro a biblioteca do CEIP Samos para presentar a súa obra 'Decidín desvelar o proceso. Na galeguidade provincial e municipal. Acción e evolución no Uruguai, 1954-1978'. O acto terá lugar ás 12.30 horas e permitirá coñecer de primeira man un testemuño clave da emigración galega en terras uruguaias. Recoñecida polo seu activismo galeguista no Uruguai, país ao que emigrou nos anos cincuenta, Díaz Gallego recolleu neste libro a me-

moria da colectividade galega a partir das súas propias vivencias. Alí desenvolveu un destacado labor cultural e social, sendo a secretaria xeral do Banco de Galicia e colaborando en proxectos de gran relevancia como a publicación da Historia de Galicia de Otero Pedrayo, a fundación do Teatro Popular Galego de Montevideo ou a creación do Patronato da Cultura Galega, entre outras iniciativas.

Ademais, o pasado 9 de novembro de 2024, foi recoñecida coa entrega do Premio Facer País da Asociación Cultural Val de Lánacara.

Samos acollerá a novena edición do Camiño dos Valores

Samos converterase o vindeiro 9 de outubro no punto de partida da novena edición do Camiño dos Valores, unha iniciativa impulsada pola xuíza de menores de Las Palmas, Reyes Martel, co obxectivo de ofrecer unha segunda oportunidade a mozos en situación de vulnerabilidade.

A peregrinación, integrada no

proxecto UP2U, percorrerá distintos treitos do Camiño Francés e contará coa participación de rapaces que afrontarán unha etapa inicial entre Samos e Portomarín.

O percorrido concluirá o día 11 coa chegada a Santiago, tras cubrir un total de 61 quilómetros ata a Praza do Obradoiro.



o páramo

Ofrecen clases para maiores de ximnasia e pilates no Páramo



O Concello do Páramo vén de anunciar a posta en marcha dun novo programa de actividades físicas dirixidas ás persoas maiores do municipio. A iniciativa inclúe clases de ximnasia de mantemento, que se impartirán os martes, e sesións de pilates, os xoves, sempre en horario de 21:00 a 22:00 horas. As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición antes do 9 de outubro de

2025. As actividades comezarán o día 14 do mesmo mes e desenvolveranse baixo a organización do propio concello, que busca promover hábitos saudables e fomentar a participación social da veciñanza maior.

Segundo sinalan dende a entidade municipal, terán preferencia na matrícula aquelas persoas empadroadas no Concello do Páramo.

A Xunta e o Concello do Páramo avanza en novos proxectos

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo un encontro co alcalde do Páramo, José Luis López, no que analizaron as actuacións que se atopan en marcha e abordaron novas iniciativas destinadas a reforzar os servizos municipais. Arias puxo en valor os proxectos realizados recentemente no municipio coa colaboración autonómica, como a pavimentación dos accesos a San Mamede da Ribeira e a colocación de soportes de suxeición para os contedores de lixo.

Segundo explicou, estas intervencións suman unha achega da Xunta

de 39.000 euros, procedentes de dúas convocatorias de axudas lanzadas en 2025 pola Dirección Xeral de Administración Local, destinadas a apoiar a mellora de infraestruturas e servizos municipais.

O delegado territorial subliñou a importancia desta cooperación institucional, xa sexa mediante investimentos directos ou a través de programas de apoio, ao considerar que “a colaboración entre a administración autonómica e a local é fundamental para sacar adiante iniciativas que melloren o día a día dos veciños e veciñas da provincia”.

Láncara pon en marcha os Espazos das Familias para apoiar a crianza

O Concello de Láncara anunciou o inicio do programa Espazos das Familias, anteriormente coñecido como Preescolar na Casa, unha iniciativa dirixida a nenos e nenas de 0 a 3 anos. Trátase dun servizo municipal gratuito que se desenvolverá en colaboración coa Asociación socio-educativa Antonio Gandoy, co obxectivo de ofrecer apoio ás familias nos primeiros anos de crianza.

A proposta pretende crear un lugar de encontro onde as familias poidan compartir experiencias, resolver dúbidas e aprender en compañía doutras persoas, sempre co acompañamento dun profesional da educación.

Os encontros incluírán actividades adaptadas a cada etapa evolutiva, nun ambiente lúdico e relaxado. Entre os seus obxectivos está favorecer a socialización temperá dos



máis pequenos, ofrecer recursos que promovan unha maternidade e paternidade consciente e apoiar o desenvolvemento integral da infancia no municipio.

BONO FAMILIAS. Segue aberto o prazo para solicitar o Bono Concilia Familia 2025, unha axuda destinada

ás familias con fillos e fillas nados entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2021. O período subvencionable abrangue os gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 7 de setembro de 2025. As solicitudes poderán presentarse ata o 8 de outubro na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

Asociacións de Láncara continúan promovendo diversas actividades

A Asociación Cultural Val de Láncara impulsa durante o curso un programa de actividades centradas na música e no baile tradicional galego.

As clases teñen lugar os sábados pola tarde na Antiga Casa Consistorial, e ofrecen formación en canto e pandeireta, percusión, baile e gaita, co obxectivo de manter viva a tradición cultural da zona e fomentar a participación veciñal. As persoas interesadas en recibir máis información ou inscribirse poden facelo a través do número de teléfono 686 645 830.



SAN MARTIÑO DE RÍO. Pola súa parte, a Asociación de Veciños San Martiño de Río celebrou un curso de arte floral no Local Social do colexio da parroquia e reuniu a veciños e veciñas

interesados nesta disciplina creativa. Durante a sesión, as persoas participantes aprenderon a confeccionar centros con flores naturais, algúns deles pensados para seren colocados nos fogares e outros destinados ao

cemiterio. Esta iniciativa achegou coñecementos prácticos á comunidade, ao tempo que promove a convivencia e a posta en valor das tradicións vinculadas ao uso das flores.

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (LUGO)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)

- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

INFANTIL

PRIMARIA

ESO

Abre o prazo de inscrición para as Escolas Deportivas Municipais

O Concello de Láncara anunciou a apertura do prazo de preinscrición para as Escolas Deportivas Municipais correspondentes ao curso 2025/26. A inscrición está aberta a partir do día 29 de setembro.

Dende o goberno local explican que os horarios das actividades se publicarán antes de comezar a inscrición, xa que será necesario contar cun número mínimo de participantes para poder formar os grupos.

A oferta deportiva inclúe disciplinas como atletismo, baloncesto e fútbol sala, con categorías que abranguen desde Baby/Prebenxamín ata Xuvenil.

Ademais, a partir de xaneiro de



2026 engadiranse novas modalidades como pádel, bádminton e fútbol sala na categoría Biberón.

En canto ás cotas, o Concello fixa un pago único de 60 euros por

neno ou nena para as actividades que arrincan en outubro, mentres que as que comezan en xaneiro terán un custo de 40 euros por participante.

O Concello reclama á Xunta un reforzo da liña de autobús Monforte-Lugo en horario escolar



A biblioteca será o escenario dunha actividade con Antía Yáñez

A Biblioteca de Láncara converterase o vindeiro 3 de outubro nun espazo cheo de misterio e aventuras grazas á actividade "Rescate na biblioteca", dirixida pola escritora Antía Yáñez.

A proposta terá lugar ás 16:00 horas e convida aos participantes a resolver un enigma no que Carmina e Xustino, dous bibliotecarios peculiares, secuestraron criaturas que agocharon entre os libros.

A actividade, de carácter gratuíto, está pensada para nenos e nenas que deberán seguir as pistas e



anotacións deixadas polos protagonistas para atopar as criaturas desaparecidas.

Intriga, diversión e moitas sorpre-

zas agardan aos asistentes nesta iniciativa que busca fomentar a lectura e o gusto pola literatura dun xeito lúdico e participativo.

O Goberno local de Láncara trasladou á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia a súa preocupación polas incidencias que se están a rexistrar no servizo de autobús da liña Monforte-Lugo, especialmente no horario escolar das 07:45 horas na parada da Pobra de San Xiao.

Segundo explicou o primeiro tenente de alcalde, Pablo Rivera Capón, en representación da alcaldía, o consistorio leva días recibindo queixas continuas de veciños e estudantes que utilizan este transporte público. O principal problema é a saturación do servizo, xa que o autobús vai cheo case todos os días, o que obriga a deixar fóra a moitos usuarios, incluídos menores de idade, que non poden viaxar por falta de prazas.

Noutros casos, ao non quedar asentos dispoñibles, permítese

que algúns pasaxeiros viaxen de pé, unha situación que consideran perigosa. Isto obriga a que moitos pais e nais teñan que levar aos seus fillos en coche particular, co conseguinte trastorno para as familias traballadoras.

O Concello considera que a capacidade actual do servizo non é suficiente para atender a demanda existente e insiste en que os mozos e mozas teñen dereito a un transporte público seguro e axeitado para acudir aos seus centros educativos.

Por iso, o goberno local solicita á Xunta tres medidas: reforzar de inmediato a liña no horario escolar, garantir mentres tanto que todos os pasaxeiros viaxen sentados e en condicións de seguridade, e informar das actuacións previstas e os prazos para solucionar este problema.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200

ANOS



O alumnado desfrutou da súa primeira saída



Os nenos e nenas do CEIP Eduar-do Cela Vila de Triacastela go-zaron da primeira saída escolar deste curso cunha proposta de xogo, aprendizaxe e patrimonio. Migas, a mascota da biblioteca, desafioulles con seis adiviñas que tiñan que resolver. A ruta das adiviñas tivo como primeira parada a Casa Niño En-trepeques e continuou pola Casa da Tulla e a Castiñeira centenaria de Ramil. A cuarta adiviña levou-

nos á antiga Ferrería e a quinta á Nogueira do Camiño Vello, onde atoparon a derradeira pista que lles concedeu o seu desexo: unha visita ao parque do pobo. Durante a saída, ademais de par-ticipar no xogo, o alumnado pui-do apreciar os primeiros sinais do outono e descubrir a riqueza cultural e natural que envolve Triacastela, convertendo a xor-nada nunha experiencia lúdica e educativa á vez.

Fonte do Lunar acollerá un curso de primeiros auxilios

O Concello de Triacastela acollerá o vindeiro xoves 9 de outubro un curso de primeiros auxilios no Lo-cal Social Fonte do Lunar. A actividade desenvolverase en horario de 16:00 a 21:00 horas e conta coa colaboración da Cruz Vermella, Afammer, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Igualdade,

no marco do programa Correspon-sables. As persoas interesadas en parti-cipar poden inscribirse a través do teléfono 982 548 147. O curso está aberto á cidadanía e diríxese a quen desexe adquirir coñecementos básicos para actuar en situacións de urxencia.

A XIII Feira de Artesanía e Produtos locais foi todo un éxito

Triacastela acolleu o pasado 28 de setembro a XIII edición da súa Feira de Artesanía e Produtos Lo-cais, organizada pola Asociación de Artesanas do Tear Artelar, a Asociación de Mulleres Rurais Tres Castros e o Concello de Tria-castela, coa colaboración da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e Artesanía de Galicia.

A xornada comezou ás 11:00 horas coa apertura dos postos de arte-sanía e produtos da zona. Ao me-diodía inaugurouse a exposición Museo Escolar do Patrimonio de Triacastela: o teu pasado, o meu presente, realizada polo alumnado do CEIP Eduardo Cela Vila. Durante toda a mañá e parte da tarde desenvolvéronse múltiples actividades: o food truck “Galicia sabe a mar” da Consellería do Mar estivo dispoñible de 12:00 a 17:00 horas; houbo contacontos e maxia para os máis pequenos na Furgoteca de 12:00 a 14:00; e realizáronse degustacións gastro-nómicas organizadas pola Conse-llería do Medio Rural ata as 18:00 horas.


Ás 13:00 tivo lugar o pregón da feira, que correu a cargo da con-selleira do Medio Rural, María Xosé Gómez Rodríguez. Ademais, ao longo da tarde celebráronse demostracións e obradoiros de elaboración de queixos, impre-sión “cianotipia” e olaría “Cinza e papel”. Xa pola tarde, ás 18:00 horas, a Praza da Deputación converteu-se no escenario de O Festiband, un concerto da Banda de Música da Comarca de Sarria (BMCS) en colaboración coa cantante euro-



visiva Lucía Pérez. Este concerto puxo o colofón á intensa tempada de verán da BMCS, que realizara doce actuacións dende mediados de xuño. A formación, dirixida polo chan-tadino Marcos Fernández Varela, interpretou un programa variado que incluíu cancións populares como 'María la Portuguesa', 'Yo no te pido la luna', 'Gloria' ou 'Esos altos de Jalisco', xunto con temas propios de Lucía Pérez como Que me quiten lo bailao, Tanto ou Torres de Compostela. O evento estivo presentado polo silledense Alberto Lázara Viéitez. Tras esta clausura, a BMCS que-dou xa centrada na tempada de inverno, que se abrirá en novem-bro co concerto do seu segundo aniversario, coincidindo coa fes-tividade de Santa Icí, patroa dos músicos.

EXPERIENCIAS DE CALIDADE. Ademais, a Feira de Artesanía de Triacastela contou co programa

Experiencias de Calidade, unha iniciativa impulsada pola Xunta de Galicia que uniu artesanía e gastronomía con produtos gale-gos de primeira categoría. A xornada comezou ás 11:30 horas cunha cata-degustación de queixos galegos de artesanía alimentaria maridados con sidra artesá, dirixida polo chef Marcos Arufe, do Espazo Gastronómico Remollo. Ás 13:00 horas desen-volveuse unha cata de viños pre-miados nas Catas de Galicia 2024, que contou coa presentación do sumiller Alejandro Paadín. Xa pola tarde, ás 14:15 horas, celebrouse a sesión “Tapea T con Ternera Gallega e viños ga-legos con DO Ribeira Sacra”, ta-mén conducida polo chef Mar-cos Arufe. A programación pechouse ás 16:30 horas coas lambetadas de artesanía alimentaria, que pre-sentou Lourdes Pombo (Torta de Sarria), acompañada novamente de Marcos Arufe.



maderasgrandas



MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com



MARMOLES VILARIO



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

**De las más prestigiosas marcas del mercado*

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

A curtametraxe 'Mudanza' de Sonia Arias estrearse o día 25

A curtametraxe 'Mudanza', da autora paradelense Sonia Arias, estrearse o próximo 25 de outubro con dúas proxeccións: ás 18.00 horas no Centro Sociocultural Manuel Oreste Rodríguez de Paradela e ás 20.00 horas na Casa da Cultura de Sarria.

O proxecto parte dun texto incluído na obra 'Manchas de frío', no que se aborda o cancro e o proceso de afrontar a morte desde unha perspectiva humana e digna.

Sonia Arias destacou a cantidade de persoas que participaron na produción, realizada en agosto, e expresou o seu agradecemento ás persoas e institucións que apoiaron o proxecto, especialmente nos concellos de Paradela e Sarria, como o concelleiro de Cultura de Sarria, César No, "que tivo unha implicación constante desde o primeiro momento", explica Arias.

Ademais, engadiu que "aquí había un equipo enteiro que tiña que facer un grande e difícil traballo en pouco tempo, pero tamén era necesario que o pobo se involucrase.



Non só houbo unha resposta de patrocinio inmensa, senón afectiva, e por iso este proxecto está moi vinculado coas emocións", sinalou. A autora tamén destacou a colaboración co Grupo Galego de Cáncer de Pulmón, ao que se destinará parte dos beneficios da curtametraxe, coa intención de seguir dando visibilidade a estas iniciativas. Sonia Arias viviu a rodaxe con moita ilusión, agradecendo ao director Luisje Moyano a oportunidade de seguir de cerca

o proceso creativo e garantir que as escenas reflectisen a esencia do relato orixinal.

O proxecto tamén busca promover a cultura galega e os concellos de Paradela e Sarria, cun equipo maioritariamente galego que participou na produción: Saamira Ganay, actriz principal; Cris Andina, directora de cámara; Cecilia Estévez, directora de vestuario; Sara Fernández, directora de son; e Antón Ochoa, estalonaxe. A curtametraxe contou ademais coa produtora Fortune Films Production, a guionista Ada de Goln, o director Luisje Moyano, a actriz coprotagonista Deborah Gil, a banda sonora de Jesús Calderón e a distribuidora City Blue Films, de Fernando Pazín.

Sonia Arias expresou a súa satisfacción por poder combinar culturas e experiencias, destacando a colaboración e a creatividade que fixeron posible esta curtametraxe, que xa espertou gran curiosidade e expectativa nas localidades protagonistas.



O Concello celebrou a XXX Festa dos Avós



Paradela viviu unha nova edición da súa tradicional Festa dos Avós, que chegou xa á súa trixésima convocatoria reunindo a centos de veciños e veciñas nunha comida popular celebrada no Centro Polifuncional Xesús Mato Mato. O encontro, organizado polo Concello, converteuse ao longo dos anos nunha cita consolidada que

pon en valor o papel das persoas maiores e ofrece unha xornada de convivencia, ocio e lecer.

Na celebración participou tamén o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, quen felicitou ao Concello de Paradela por manter viva esta festa durante tres décadas.

O Goberno local coopera coa Xunta na prevención de incendios e xestión da biomasa

A Consellería do Medio Rural mantén a súa colaboración co Concello de Paradela para avanzar na prevención dos lumes forestais e na correcta xestión da biomasa.

Esta cooperación enmárcase no acordo asinado entre a Consellería, a empresa pública Seaga e a Federación Galega de Municipios e Provincias, que ten como

obxectivo crear un sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, aquelas máis próximas ás vivendas.

Paradela é un dos concellos adheridos a este convenio, que busca reforzar a seguridade da veciñanza e contribuír á prevención dos incendios forestais mediante a limpeza e mantemento destes espazos estratéxicos.



Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185

Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria



FACENDA FARRUQUINO

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

DEPORTES

Xa están licitadas as obras para a mellora do campo da Ribela



Xa está en marcha o proceso de licitación para a reforma integral do campo de fútbol de A Ribela, cun orzamento de 719.000 euros, dos que máis de 500.000 euros serán financiados pola Xunta e o resto pola administración local. A duración estimada das obras é de catorce semanas, aínda que o goberno municipal busca reducir os traballos a seis semanas. O plan de execución prevé que as obras comecen a mediados de decembro e rematen a mediados de xaneiro, aproveitando o parón da competición futbolística para minimizar as molestias aos usuarios. Durante este período, realizaranse múltiples actuacións, entre elas a ampliación do terreo de xogo ata acadar as dimensións de 110 x 72 metros e a substitución completa do céspede artificial, que se adaptará ás esixencias da certificación FIFA Quality Pro. Ademais, instalarase novo equipamento deportivo, como porterías, banquiños, banderíns de córner e redes, e renovaranse os sistemas de rego e drenaxe para garantir unha correcta evacuación da auga e prolongar a vida útil do céspede. O proxecto tamén contempla melloras no campo, incluíndo a renovación do peche perimetral, o acondicionamento de accesos, a adaptación de zonas de tránsito e a pavimentación parcial de áreas anexas, así como a adecuación de espazos para persoas con mobilidade reducida. Outro aspecto destacado da reforma será a modernización do sistema de iluminación, co fin de garantir os niveis óptimos para a práctica deportiva.

pede artificial, que se adaptará ás esixencias da certificación FIFA Quality Pro. Ademais, instalarase novo equipamento deportivo, como porterías, banquiños, banderíns de córner e redes, e renovaranse os sistemas de rego e drenaxe para garantir unha correcta evacuación da auga e prolongar a vida útil do céspede. O proxecto tamén contempla melloras no campo, incluíndo a renovación do peche perimetral, o acondicionamento de accesos, a adaptación de zonas de tránsito e a pavimentación parcial de áreas anexas, así como a adecuación de espazos para persoas con mobilidade reducida. Outro aspecto destacado da reforma será a modernización do sistema de iluminación, co fin de garantir os niveis óptimos para a práctica deportiva.

O equipo Kung Fu Láncara pon en pausa a súa actividade

Despois de catorce anos e de ver medrar a varias xeracións de nenos e nenas, o grupo de Kung Fu Láncara vese na obriga de fechar un ciclo que daba seus primeiros pasos no ano 2011, con alumnos como Roi Pérez, múltiple campión galego de Wu Shu e dobre campión de España na modalidade de Qing Da. Até o curso 2023 - 2024, como Wu Shu "Artes Marciais Chinesas", disciplina asociada da Real Federación Española de Judo, aínda visibles os seus traballos na antiga canle de You Tube "Wu Shu Láncara" a disciplina ofertouse a través das Escolas Deportivas Municipais de Láncara. Seguidamente, a actividade mantívose a través da ANPA C.P.I. Ramón Piñeiro, quen contratou directamente aos monitores das súas actividades. Foi neste momento en que o Mestre, José M. Nunes, pasouse ao Kung Fu como disciplina asociada da Real Federación Española de Karate, federación na que continúa, a través de Artes Marciais Orientais da Mariña e do Dojo Bushido, referente a nivel europeo polos seus cursos con mestres nativos de reputación mundial, tanto en Kung Fu como noutras disciplinas marciais. Finalmente, como di o Mestre Nunes, -nada permanece salvo o propio cambio-; a ANPA do C.P.I. Ramón Piñeiro disolveuse e comezou a constituírse unha nova e distinta asociación, Pícaros C.P.I. Ramón Piñeiro. Pero, debido a que está arrincando desde cero, aínda non conta con recursos como para poder contratar aos monitores e, segundo indica



José M. Nunes, a través da asociación Pícaros só é posible impartir a actividade estando de alta como autónomo ou estando baixo contrato dun ximnasio ou club deportivo. Apunta a que, como non se adica profesionalmente a isto, a alta e as condicións de autónomo, aínda na tarifa menos esixente, saería a poñer diñeiro. O mesmo acontece coa posibilidade de formalizar un contrato cun ximnasio ou club para impartir esta actividade, sendo antieconómica a contratación para o ximnasio ou club. Ante estas circunstancias, o Mestre Nunes, contando co apoio da federación nacional, necesario polo seguro médico deportivo das licenzas federativas, ofreceu a posibilidade de manter a actividade sen ánimo de lucro en tanto fose necesario. Porén, a asociación Pícaros C.P.I. Ramón Piñeiro comunicoulle a imposibilidade de xestionar a actividade por esa vía, o que constitúe, segun-

do o Mestre Nunes, -o peche dun ciclo, pero non un adeus, senón un "até pronto"-.

Posto que a asociación Pícaros do C.P.I. Ramón Piñeiro xa tiña publicitada a disciplina de Kung Fu e ante a imposibilidade de impartila o Mestre Nunes, chegou a un acordo co profesorado do club Kung Fu Lugo, antigo Di Som Lugo, entidade na que o propio Mestre Nunes deu seus primeiros pasos de neno, até que foi seducido polos etilos de Kung Fu chinés como o Nan Quan, o Wing Chun, o Tang Lang Quan e o Shuai Jiao, entre outros. Nas súas palabras: "Di Som foi meu primeiro contacto coas artes marciais e iso, evidentemente, é algo especial".

A pesar desta pausa, desde Kung Fu Láncara subliñan que manteñen unha boa relación coa nova asociación e mostran a súa disposición a colaborar con Pícaros nos proxectos culturais que poñan en marcha.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

O Incio Terra Brava C.F. celebra o seu décimo aniversario cunha cea

O Incio Terra Brava C.F. celebrará o 18 de outubro unha cea especial con motivo do seu décimo aniversario. O evento, que terá lugar no Local Multiusos a partir das 21:00 horas, combinará gastronomía e baile nunha xornada aberta a todos os xogadores, técnicos e afeccionados que acompañaron ao club ao longo desta década. A organización puxo á disposición dos asistentes diferentes opcións de reserva, que poden realizarse na ferretería O Garabato ou chamando aos teléfonos de contacto habilitados. O prezo da cea é de 25 euros para adultos, 15 euros para nenos



de 6 a 12 anos, mentres que os menores de 5 anos poderán asistir de forma gratuíta. Desde a directiva destacan que esta celebración busca ser un punto de

encontro para todas as persoas que teñen formado parte da historia do equipo, así como unha oportunidade para fortalecer os lazos entre a afección e o club nesta efeméride.

“Somos moi humildes para a categoría na que xogamos”

Falamos con Jorge Gonzales Lemos, adestrador da SD Oural, o equipo de fútbol campo que se atopa en Primeira Galicia, no grupo 3

Jessica Fernández

A SD Oural arrinca a tempada 2025-2026 novo adestrador ao mando, Jorge Gonzales Lemos, un nome ligado á entidade desde hai máis dunha década, primeiro como xogador, logo como directivo e agora como adestrador principal trala marcha de Negrete. A súa chegada ao banco supón a continuidade dun proxecto que quere manter a esencia do club, baseado na humildade, no esforzo colectivo e no compromiso dos xogadores.

O técnico afronta este labor “con moita ilusión, porque é un equipo no que estiven moitos anos como xogador e directivo, e, en conxunto, somos un grupo de amigos que intentamos afrontar a equipos grandes, tendo moita confianza en nós mesmos e ilusión, que é a palabra que nos define”, sinala Gonzales Lemos ao explicar como afronta este novo desafío. A súa vinculación coa SD Oural non é de agora; a súa traxectoria formouse entre os campos e vestiarios do club: “Eu empecei a xogar na Oural hai 10 anos, xogando con amigos e formando un grupo deportivo interesante; e hai uns anos empecei a adestrar outros equipos e non podía compaxinar, entón deixei de xogar e colaborei na directiva. Este ano, como Negrete decidiu parar, din ese paso adiante”.

O ex-xogador recoñece o valor do seu predecesor e a importancia de manter a continuidade: “Para nós, Negrete podía adestrar os anos que quixera porque é moi

bo técnico e persoa, pero, cando o deixou, queríamos a alguén que coñecera o grupo; alguén da casa e que coñeza as características do equipo, como son os xogadores, como é a realidade. Eu tiña o título de adestrador e deixaba o equipo que adestraba o ano pasado, polo que a situación encaixaba para que eu saíra elixido”.

lla: “Equipos base como tal non temos, pero a xente que ven está contenta e non adoita marchar. Somos moi humildes para a categoría na que xogamos, e somos rapaces de Sarria cun traballo que, ás veces, é difícil de compaxinar coa nosa paixón, pero aínda así facemos o posible para adestrar”, sostén.



A identidade da SD Oural tamén pasa pola súa capacidade de formar e manter unha base de xogadores comprometida, aínda que sen equipos de base propios como outros clubs da categoría. Gonzales Lemos deta-

O OBXECTIVO DA TEMPADA. Por outra banda, Lemos recoñece que a categoría na que compete a SD Oural é “complexa e competitiva”, con equipos recén ascendidos, outros que descendieron de Preferente e con clubs que

contan con canteira ou proceden de concellos grandes. “Imos competir contra equipos de concellos como Castro de Rei ou Foz, e tamén equipos grandes da cidade de Lugo como A Residencia, e nós nese sentido somos humildes, pero imos intentar ser competitivos e seguiremos aprendendo ata o último minuto. Polo tanto, o obxectivo é manterse e a salvación. Pero o máis importante é ser o máis competitivo posible e, a partir de aí, que sexa o que teña que ser”.

O adestrador tamén destaca o valor humano e deportivo do seu cadro de xogadores, composto maioritariamente por novos. “Hai

pitán, entre outros, que deixan todo no campo e son un exemplo a seguir. Tivemos baixas e tamén fichaxes e incorporacións que, polo momento, se integraron xenial. Estamos moi contentos; hai un grupo moi comprometido. Ademais, a asistencia a adestramentos foi moi alta na pretempada e están formando un grupo humano que necesita desfrutar do deporte, que é o que queremos como club”.

O compromiso coa comunidade e co entorno tamén forma parte do proxecto do club. Gonzales Lemos subliña a implicación das institucións e patrocinadores locais: “O Concello de Sarria axúdanos e agradecemos moito tanto ao Goberno local como patrocinadores, empresas, socios... que axudan en todo o que poden. Temos un campo que xestionamos nós e traballamos moitísimo nel, xa que os arranxos facémolos nós e iso dá traballo, pero é o noso campo e é un traballo que se fai con gusto”.

Neste inicio de tempada, a SD Oural busca consolidar un proxecto sostido na experiencia de xogadores veteranos, a enerxía de mozos e a conexión cos afeccionados e coa cidade de Sarria. A aposta por un adestrador que coñece o club desde dentro reflicte a vontade de manter unha liña de traballo clara, baseada no esforzo, na humildade e na ilusión. Como resume Jorge Gonzales Lemos, “somos un grupo de persoas que poden medrar e desfrutar do deporte, e todo o mundo que queira pode vir a adestrar, e iso é importante como labor social e deportiva no Concello de Sarria”. A tempada 2025-2026 da SD Oural ten unha meta clara: ser competitivos, desfrutar do fútbol e consolidar unha entidade que segue apostando por valores como a amizade, a perseveranza e a pertenza á comunidade local.

A SD Paradela celebra a Festa do Socio o día 18 de outubro

A SD Paradela organiza o sábado 18 de outubro a súa tradicional Festa do Socio da tempada 2024/2025, cun amplo programa de actividades que se desenvolverán no Mercado Gandeiro da localidade. A xornada arrincará ás 16:30 horas co partido que enfrontará á SD Paradela e á SD Páramo no campo de fútbol O Gandarón. A partir das 19:30 horas terá lugar un tardeo, e xa ás 22:00 horas celebrárase a cea de confraternidade.

A festa contará tamén cunha actuación musical e un DJ ata o final da noite, converténdose nun punto de encontro para veciños, socios e afeccionados ao fútbol.



SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 anos de experiencia traballando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% gallega. Con máis de 130 anos de historia.

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

DE RUTA EN RUTA

Ruta do Muiñeiro Namorado na Pontenova

Ofrece un paseo inesquecible pola lenda do muiñeiro no corazón da Reserva da Biosfera

Na impresionante contorna da Reserva da Biosfera, parte un percorrido que comeza na desembocadura do rego do Cairo no río Eo, un punto de encontro con outra ruta tamén moi visitada, a popular Ruta do Ferrocarril. O itinerario divídese en dous tramos conectados, sendo o segundo de carácter opcional para quen queira estender a súa andaina. O primeiro tramo, de carácter lineal, esténdese por uns 4,8 quilómetros de ida e volta, que poden completarse en pouco máis de dúas horas. O percorrido resulta accesible para a maioría, cun desnivel moi moderado, seguindo sempre o carreiro que discorre paralelo ao arroio. Ao longo do camiño, os numerosos banzados,

construídos para regar os prados tradicionais da zona, crean pequenos saltos de auga que engaden un toque pintoresco á paisaxe. Historicamente, estas augas tamén movían as engrenaxes de varios muiños repartidos ao longo do percorrido. Os dous máis destacados localízanse ao final deste tramo, preto da aldea de Figueirúa. Para quen opte por continuar, o segundo tramo ofrece un itinerario circular de 3,3 quilómetros, que se pode cubrir en aproximadamente unha hora e cuarto, e achega á pequena aldea. Aquí o desnivel faise máis acusado, pero a recompensa é a contemplación da mina do Cairo, unha das múltiples escavacións realizadas pola Sociedade Mineira de Villadrid para estudar a explotación do mineral de



ferro da zona. Mais a ruta non só é paisaxe e natureza. O seu nome revive a historia dun muiñeiro e a súa amada, un amor que rematou en desventura. Case un século atrás, xunto ás vías do tren, traballaba un mozo, fillo de muiñeiros, recoñecido pola súa habilidade no oficio. O seu muiño, situado ao carón da liña Villadrid-Ribadeo, atraía a persoas doutras localidades, e tamén chamaba a atención das mozas da contorna. Foi entón cando chegou unha nova moza de Neguri. Nada máis velo, o mozo quedou prendado dela. A rapaza era filla dun destacado empresario e principal accionista da Sociedade Mineira de Villadrid. Durante varios días, era habitual ver aos dous pasear ao longo do rego do Cairo, seguindo o mesmo percorrido que a senda conserva case intacto. Ao coñecer o pai a relación, prohi-

biulle continuar a visita e obrigouna a marchar, permitindo só que aproveitase os desprazamentos do empresario para reunirse co seu amado. Finalmente, enviouna a estudar a Bos Aires. O mozo, para non perder á súa amada, embarcou nun cargueiro; algúns contan que cando estaba preto do destino, descubriuno e, para non ser repatriado, lanzouse á auga e desapareceu. Outros sosteñen que chegou á costa e, aínda sen reencontrarse coa rapaza, fixo fortuna co negocio de fariña de trigo de calidade. Percorrer esta senda é mergullarse na historia, nas tradicións da zona e nunha lenda de amor que segue viva grazas ao murmurio do arroio e ao movemento da auga nos vellos muiños, lembrando que cada camiño conserva máis que pedras e augas: tamén emocións e memorias dun pasado que se resiste a desaparecer.



Pili Madeira
FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988
✉ floristeria@servimadeira.es
🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

**Funerarias
Tanatorios
Seguros**



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15
funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es